

cultura

Cibercarracho, a palabra do ano 2023, xa loce na rúa Menorca. Páx. 3

sociedade

A Casa da Muller atende unhas mil consultas e suma 153 usuarias. Páx. 7

zona rural

Entrevistamos á asociación veciñal de San Xoán de Pena. Páx. 14

infraestruturas

Melloran o alumbeado en Salvador de Madariaga e Pintor Corredoira. Páx. 19

economía

O Concello lugués esíxelle á Xunta maior orzamento para o SAF. Páx. 20

Nova orde nas rúas

Os hostaleiros da cidade teñen un mes de prazo para regular as terrazas ou eliminalas das zonas de carga e descarga e aparcadoiros



O bus urbano consolídase con 182.518 usuarios

Sufriu a maior transformación das últimas décadas, cunha renovación total do servizo. Páx. 9

O lume trae de novo a tensión ao Ceao

O incendio dunha nave na rúa do Vidro afectou a outra próxima e deixou dous feridos. Páx. 19

Os 67 concellos optan a 25 millóns

A Plan Deputación repartirase, por cuarto ano, no tecido socioeconómico da provincia. Páx. 21

Hipócrita Teatro



Coñece algo máis a esta compañía teatral, que cumpre 20 anos. Páx. 4

Raiolas



O colectivo atende a 75 familias e conta co primeiro centro de día para TEA. Páx. 10

Entrevista



O Casás logrou o ascenso no ano no que estrea equipo. Páx. 30

SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL



FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

CAMPAÑA RENTA 2024
¿SABES SI ESTÁS APLICANDO TODAS LAS DEDUCCIONES?

¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS?
CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante TU NEGOCIO.

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo
Tel - 982 253 890 - 659 881 585 mail - administracion@mateoysanchez.es

‘O libro das contrárias’ gaña o XXVI Certame de Narración Ánxel Fole

A concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presidiu a xuntanza do xurado do XXVI Certame de Narración Curta Ánxel Fole, que anualmente organiza o Concello de Lugo xunto coa colaboración de Edicións Xerais de Galiza. Maite Ferreiro destacou este certame como “unha cita consolidada xa no calendario cultural galego, co que anualmente descubrimos novas historias de gran calidade”. A obra *O libro das contrárias*, do noiés Agustín Ángel Agra Barreiro, foi a escollida polo xurado nesta edición, que recibirá un premio de 4.000 euros e a obra será publicada por Edicións Xerais. O xurado estivo formado pola poeta e mestra de lingua e literatura galega Mariña Pérez Rei, o escritor e libreiro Fabio Rivas Pardo, e a escritora, tradutora e intérprete María Reimóndez Meilán. Escolleron á obra *O libro das contrárias*, que destacou sobre as demais, a xuízo das integrantes do xurado, pola so-

lidez narrativa, a análise psicolóxica das personaxes, o amplo léxico e a documentación que alicerzan a trama. O resultado é unha obra de actualidade e cosmopolita que dialoga cunha ausencia, poñendo en dúbida os límites da memoria. A voz da narradora navega entre a linguaxe da fotografía, o xénero epistolar e a presenza icónica do mundo natural. Estes fíos tecidos constrúen unha obra de aparencia intimista, pero que revela puntos de conexión con temas tanto ambientais como de recuperación das voces e olladas das mulleres no ámbito científico, sempre a través dunha sensitiva voz narradora. No seu conxunto, amosa harmonía narrativa, riqueza de léxico e recursos literarios ben integrados que singularizan a súa lectura. Maite Ferreiro agradeceu ás integrantes do xurado, a Edicións Xerais e a todas as participantes “a súa implicación cada ano para facer deste concurso un verdadeiro éxito”.

GALA DE HIPÓCRITA TEATRO



Hipócrita Teatro celebrou o seu XX aniversario cunha gala protagonizada polas sorpresas e polas actuacións de Lore Lavand, Carolina Rueda, Axóuxere e Ubú Teatro. Unha das sorpresas da noite foi a entrega do primeiro Hipopremio ó Público. Josín Ayán foi o destinatario deste premio pola súa fidelidade como espectador da programación cultural do Escenario Hipócrita.

Un deseño de Guiti será o cartel do Arde Lucus 2024

O Arde Lucus 2024 xa ten cartel anunciador. Trátase dun deseño elaborado por Manuel López Guiti, coñecido popularmente como Guiti, Manivs Rvtilivs Cithara dentro do mundo da recreación histórica e en concreto do Arde Lucus. “Coa selección deste cartel queremos homenaxear a súa figura e o seu labor e contribución á festa de recreación histórica da cidade”, sinalou Alvarellos quen compareceu acompañada polo edil de Xuventude, Jorge Bustos, e pola familia do autor.

Dende os inicios da cita, Guiti sempre participou activamente na mesma, como socio-fundador da asociación Pax Romana, e buscando sempre novidades que aportar á recreación. “A súa habilidade e paixón polo debuxo fixo que a súa aportación na festa como escribano sexa intanxible”, explicou. Froito desta paixón tiña preparado un deseño para participar no concurso de carteis da vindeira edición do Arde Lucus. Porén, o seu finamento no pasado mes de decembro “fixo que todas as asociacións nos propuxesen que ese fora o cartel anunciador das festas deste ano 2024, proposta que acollimos con gran emoción”, desvelou a alcaldesa.

“Honestamente, creo que a elección non podía ser máis acertada”, engadiu. A ollada a esta ilustración supón unha viaxe no tempo, unha viaxe que nos permite mergullarnos na orixe da nosa urbe “e iso é en esencia o significado do Arde Lucus”, aseurou Alvarellos Fondo. Pola súa banda, Ana Cortón, muller de Guiti, agradeceu aos colectivos de recreación histórica do Arde Lucus a súa proposta e mostrou o seu agradecemento coa rexedora e o edil de Xuventude e Deportes, Jorge Bustos, pola súa aposta por este deseño. O Goberno local está culminando o deseño dos festexos e traballa en incrementar a colaboración



público-privada da XXIII edición do Arde Lucus, que se celebrará do 13 ao 16 do próximo mes de xuño. Ademais, Jorge Bustos convidou a todas as persoas doutras cidades e vilas a gozar cos e coas lucenses da transformación que experimenta o municipio que, con fidelidade, “retrocede no tempo”.

Son 19 asociacións as que forman parte da organización dos festexos

e que aglutinan un millar de socios: Ara Roma; Asamblearias Lucus Augusti; Caetra Lucensium; Civitas Lucensis; Clan de Breogán; Cohors III Lucensium; Guardia Pretoriana; Kertix; Lucus Equites; Lucus Icenas Miliatore; Lugdunum; Mercenarios Galaicos; Pax Romana; Salesiani Luci Augusti; Senatus Lucus Augusti; Terra Copora; Tir Na n’Og; Trebas Galaicos; Vestales Lucus Augusti.

Ofértanse 18 postos de venda na Praza Maior

O Concello porá a disposición das persoas interesadas 18 postos de venda de mercadorías, situados na Praza Maior, durante a celebración do Arde Lucus. A Xunta de Goberno Local aprobou as bases para a licitación destes espazos que se atopaban actualmente vacantes.

En total son 57 os espazos que dende o Concello poñen a disposición das persoas interesadas, dos cales 39 xa se atopan ocupados e os restantes 18 son os que agora se poderán solicitar. A autorización da ocupación terá vixencia durante o Arde Lucus 2024 prorrogable por un ano máis. Os postos de venda de mercadorías poderán iniciar a montaxe o día 13 de xuño e de-

berán estar en funcionamento no horario de apertura do mercado. O Macellum abrirá o 14 de xuño de 16.00 a 21.30 horas, o 15 de xuño de 11.00 a 14.00 e de 16.00 a 21.30 horas e o 16 de xuño de 11.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 21.30.

INTERNACIONAL. Segue a promoverse e intensificar a colaboración público-privada de cara a celebración da vindeira edición do Arde Lucus, que terá lugar do 13 ao 16 de xuño, como Festa de Interese Turístico Internacional. Esta colaboración vén sendo habitual nos últimos anos, co obxectivo de xerar sinerxias que contribúan ao crecemento continuo da festa no tempo.

UNIVERSIDAD Grado en:

ROBÓTICA

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

BIOQUÍMICA

Matemáticas
Física
Química general e inorgánica
Química - Física I
Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.

Matemáticas I y II
Física I y II
Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL

Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

ABAU (Antigua selectividad)

BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física
Química - Lengua
Gallego - Inglés
Historia - Filosofía
Biología - Geología
Geografía
Historia del Arte

j.m.rivas
ACADEMIA



ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS ATENCIÓN PERSONALIZADA GRUPOS REDUCIDOS Preparación específica para subir nota en ABAU

Cibercarracho, a palabra do ano 2023, xa loce na rúa Menorca

O tenente alcalde e concelleiro de Mobilidade e Infraestruturas, Rubén Arroxo, xunto con Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e o presidente da Real Academia Galega, Víctor Freixanes, e Manuel González, membro da Real Academia Galega, visitaron a rúa Menorca onde se vén de instalar a palabra Cibercarracho, escollida como palabra do ano 2023. Con esta iniciativa pretenden seguir coa mellora da imaxe da cidade, “ao mesmo tempo que poñemos en valor un símbolo tan importante como a lingua galega”, indicou Rubén Arroxo. Continúan así esta intervención artística “que puxo en valor un símbolo tan importante como a lingua galega, e converteu á rúa Mallorca nun atractivo turístico máis de Lugo”. Destacou que o futuro da nosa lingua “está vivo e as palabras de cada ano pasan a formar parte do idioma xa que sintetizan parte da realidade de cada época”.

A Palabra do Ano é escollida no Portal das Palabras cada ano. En 2012, a



RAG e a Fundación Barrié, asinaron un convenio de colaboración en materia de lexicografía. Modernizar os sistemas de investigación, acometer novos traballos, elaborar aplicacións e promover o Portal das Palabras. Froito do anterior, elíxese a palabra do ano e conta con outras ferramentas como o Dicionario electrónico e a versión para móbiles e tablets. Para a colocación das palabras utilizouse un material duradeiro e que permitirá unha boa e sinxela visibilidade do texto. Vai acompañando a cada verba o ano no que foi nomeada pola

Real Academia, no Portal das Palabras, como palabra do ano. O lema ciberdelincuente figura desde hai un tempo no Dicionario da Real Academia Galega para designar a persoa que comete un acto delituoso por medio das tecnoloxías da información e da comunicación, pero a inventiva para sensibilizar sobre o problema dos ciberataques e outros delitos informáticos creou nos últimos meses un neoloxismo de rexistro coloquial que tira do humor para gañar eficacia neste desafío: cibercarracho.

Unha vintena de bens culturais doados incorpóranse ao Museo

O Museo Provincial recibiu 23 bens culturais a través de doazóns no que vai de ano. O organismo incorporou dous novos cadros do pintor Xosé López Guntín (Vilalba, 1929-Lugo, 1996), cedidos por particulares que amplían a representación de obras do pintor vilalbés nos fondos do museo. Así, xunto cos dous retratos en óleo sobre lenzo –Retrato de D. Antolín Sánchez Vieites e Retrato de D^a Isidra Vázquez Molezún– o Museo Provincial de Lugo conta así con 13 obras da súa autoría.

A maioría correspóndese con retratos –un xénero polo que foi especialmente recoñecido e apreciado–, mais tamén composicións que representan escenas de costumes e tradicións, particularmente na provincia de Lugo. O Museo Provincial de Lugo agradece a xenerosidade das persoas

e entidades doantes, que amplían os fondos da institución e depositan a súa confianza na súa labor de conservación, estudo e divulgación. Nos últimos meses, incorporaron a obra Samos de Leopoldo Nóvoa, 15 acrílicos da colección VOCES de Alicia Benítez, pezas de etnografía e artes Decorativas do Concello de Baralla do século XX.

As doazóns supoñen, xunto aos depósitos e as adquisicións, unha das fontes de ampliación e renovación dos fondos museográficos máis destacadas. En 2023, o Museo Provincial de Lugo incorporou 88 bens culturais, a través de diferentes fórmulas, destacando as dezaseis obras de Tino Grandío depositadas por Rosendo Figueroa Dorrego, que propiciaron a creación dunha sala monográfica sobre o pintor.

Hai cinco propostas na 30 edición do Festival de Teatro Universitario do 2024

Entre os días 15 e 19 de abril regresa o Festival de Teatro Universitario á cidade, na 30 edición. Ademais das funcións no auditorio, terá lugar tamén un taller de creación escénica con Ana Vallés e unha nova proposta: escaparArte, para todas aquelas persoas interesadas en presentar en diferentes escaparates da cidade traballos de perfil escénico.

As pezas teatrais terán lugar no auditorio municipal ás 20.30 horas. As

propostas, que son de balde, comezan o 15 de abril con *Desequilibrios* da man do grupo Maricastaño UVigo. Ao día seguinte, é a quenda de *Deixando a pel* da Compañía de Teatro da USC-Lugo. O día 17 chega *Antropoloxía do bico* representada pola Aula de Teatro da USC e o 18, *Cara de leopardo* da Compañía Vaite USC-Lugo. O ciclo chega a súa fin o 19 co *(Des)de los Escombros* coa Compañía Vaite USC-Lugo.

Como actividades complementarias, realizarase un obradoiro de creación escénica con Ana Vallés o 20 e 21 de abril, de 16 a 20 horas na Aula de Teatro da Facultade de Veterinaria. A inscrición pode realizarse ata o 11 de abril en cultura.lugo@usc.gal. Tamén se levará a cabo a iniciativa EscaparArte: accións escénicas nos escaparates do casco histórico de Lugo o 13 de abril de 2024, de 18 a 20 horas.

O Museo lugués expoñerá do 10 de xuño ao 7 de xullo a ‘Sibila’

O Museo Provincial de Lugo expoñerá a obra *Sibila* de Velázquez, pertencente ao Prado, este mesmo verán, concretamente do 10 de xuño ao 7 de xullo. A través do proxecto expositivo El arte que conecta levarase un total de 18 obras a distintos museos da xeografía española.

A obra de Velázquez poderá verse durante un mes, no marco desta iniciativa que ten como obxectivo proxectar as súas coleccións no contexto estatal.



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

clínica **TEST** dental

Parking gratuito

A Deputación convoca a terceira edición do certame IlustrarNós

A deputada de Cultura Iria Castro convidou aos centros de ensino a participar na III edición do Certame Escolar de Ilustración, convocado pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo no marco do programa IlustrarNÓS, que pretende fomentar a creatividade e contribuír ao coñecemento das artes e artistas gráficos entre as xeracións máis novas.

A convocatoria dirixese a alumnas e alumnos de 5º e 6º de Primaria, Secundaria, Bacharelato e ciclos formativos, que deberán realizar ilustracións arredor da temática “festa”, representando graficamente vivencias, reflexións ou emocións relacionadas con celebracións e conmemoracións.

Iria Castro explicou que “a participación no certame se articula a través dos centros educativos que xa

dispoñen das bases e fichas de inscrición” e lembrou que “na última edición se presentaron ao certame máis de 250 traballos, confirmando que se trata dunha iniciativa que permite traballar a expresión artística nas aulas e achegar ao alumnado a artistas referenciais neste ámbito como o propio Chichi Campos, a quen se dedicou este ano o Día da Ilustración”.

Os traballos remitiranse ao enderezo certame.ilustrarnos@gmail.com, a través dos centros educativos, ata o 6 de maio. Un xurado composto por persoas relacionadas co mundo da cultura, da edición, da ilustración e da docencia valorará as obras, tendo en conta aspectos como a relación da ilustración co tema proposto, a orixinalidade e creatividade na interpretación do tema ou a técnica e composición.

“O teatro implica o traballo de moitos para que suban uns poucos a escena”

A compañía e asociación cultural Hipócrita Teatro cumpre 20 anos de vida

Por Lucía Blanco

Un obradoiro no centro sociocultural de Fingoi uniu a un grupo de amantes da arte de contar historias sen saber que, dúas décadas despois, continuarían levando a escena distintos espectáculos e dinamizando a oferta cultural da cidade. “Os membros fundadores coincidimos alí no obradoiro impartido por Guillermo Canelo. Compartiamos a motivación de continuar máis alá das horas de formación, decidimos constituírnos como asociación e comezar a facer algunha montaxe”, conta María García, membro do colectivo.

Pero a festa que recrea o pasado de Lugo tamén ten que ver coa orixe desta compañía de teatro amateur. “Empezamos tamén xunto co Arde Lucus. Somos dos poucos que levamos actuando na festa dende que botou a andar, cando só era un día. A través do Concello pediánnos participar como obradoiro e xa despois presentabamos propostas para actuar en cada edición, que é unha tradición que mantemos despois de 20 anos”, engade Carlos Rebolo.

Miserere, Cleopatra e Marco Antonio, Mitoloxía para ignorantes, Casting ou Sombras nos ollos, dúas das súas últimas apostas, son algunhas das obras que estrearon, algunhas delas no seu propio espazo. “Collemos un local para ensaiar, reformámolo e pensamos en traer aquí as actuacións e así foi como naceu no 2014 o Escenario Hipócrita”, recorda Carlos. Ademais das clases de formación que tiñan, con este espazo conseguen ofrecer unha variedade de propostas teatrais ao longo do ano. “Tiñamos actividades abertas e xeraron un público de Hipócrita, que se foi animando e foi medrando, porque tamén a



“Somos dos poucos que levamos actuando no Arde Lucus dende que botou a andar, cando só era un día”

oferta que faciamos era cada vez máis ampla”.

VARIAS XERACIÓNS. Os membros tamén foron cambiando neste tempo, aínda que actualmente son 19 no grupo, que aglutina varias xeracións. “Implicanse máis ou menos. Comprende moitas horas de traballo previo de moita xente para que ao final suban uns poucos a escena. Algúns participan enriba dos escenarios ou colaboran con outras cuestións como dirixir, ocuparse de vestiario, do deseño gráfico, de buscar texto ou de coordinar os ensaios”, afirman.

Ubú Teatro, Axóuxere Teatro, Carolina Rueda e Lore Lavand acompañaron a Hipócrita na gala do seu vixésimo aniversario, durante a que

outorgaron un recoñecemento á obra *Departamento de selección de Disfunción Continúa* como espectáculo mellor valorado e ao propio público. “Como novidade, entregamos un premio ao espectador máis fiel, que era algo que nos faltaba e levabamos dándolle voltas moito tempo”. Este encontro puxo o broche de ouro ás últimas dúas décadas nas que o teatro transformou as vidas dos que pasaron pola compañía.

“Puidemos mantervos neste tempo, o que xa é un éxito extraordinario cunha pandemia polo medio. Medramos en calidade e en número de espectáculos que puidemos producir, fomos recibindo premios polas nosas montaxes e dándonos a coñecer dentro do panorama de teatro amateur galego”, asegura García. Superar a covid, na que se descolgou moita xente, foi grazas ao apoio do Concello e da Deputación e ao seu esforzo, sosteñen. Dedicación que esperan manter, polo menos, outros 20 anos. “Sarna con gusto non pica, o balance é máis que positivo a costa de traballo e dedicación diaria, ás veces postergando outras cousas e priorizando o teatro que é a nosa afección”, conclúe Carlos.

CENTENARIO NO GRUPO FONMIÑÁ



Tomás Paniagua Ayesa, primeiro presidente do grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, cumpre 100 anos. Paniagua, serio e sorrinte, pero tamén elegante e cercano para todos aqueles que o coñecen, tivo moito que ver coa orixe do grupo que naceu “polas inxedanzas duns mozos devotos do mundo da imaxe”, lembran dende a asociación.

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

O Museo inaugura unha mostra do patrimonio das villae romanas

O Museo Provincial de Lugo inaugura unha exposición con material divulgativo e explicativo sobre o patrimonio arqueolóxico, conservado no museo, vinculado coas villae romanas. A realización desta mostra ten como obxectivos complementar as VII Xornadas de Divulgación Científica do Patrimonio Arqueolóxico Lucense, divulgar esta parte concreta do patrimonio arqueolóxico e aportar coñecemento e información rigorosa de xeito aberto, incluso e gratuito.

A través de paneis con textos actualizados, fotografías ou debuxos documentados e amósase, temporalmente, unha escolma de pezas representativas do material custodiado nas zonas de reserva, que se situará a carón das vitrinas da colección estable onde se expoñen pezas arqueolóxicas procedentes de villae lucenses.

Amósanse materiais dos xacementos de San Vicente de Castillón (Pantón), Vilar da Graña (Roupar, Xermade), Area (San Xiao de Faro, Viveiro), Sta María de Proendos (So-



ber), Quintá (San Vicente da Grade, Chantada) e Agro de Parapar (Barbaín, Lugo); algúns deles expostos ao público por vez primeira, como un fragmento de estuco procedente da villae marítima de Area (Viveiro), dous chocallos achados en Proendos (Sober) e un ponderal de 40 libras, de Castillón (Pantón).

A mostra, na que se inclúen pezas nunca expostas ao público, pode visitarse ata o 31 de maio na sección de Prehistoria e Arqueoloxía do museo provincial e está comisariada por Enrique Alcorta, Aurelia Balseiro e

M.^ª Ofelia Carnero. As inscricións, que poden ser presencial ou en liña, xa están abertas. Está dirixido á comunidade científica pero tamén a todos os interesados no tema, estudantes, afeccionados, traballadores de museos, coleccionistas, docentes ou guías turísticos. A participación na xornada require inscrición previa a través do formulario dispoñible na web www.redemuseistaluga.org ata o día previo ao inicio das xornadas, o 4 de abril. Para obter o diploma acreditativo, será preciso asistir ao 75 % das sesións.

Lugo acollerá a cuarta edición do Lucus In Vino Veritas

A cuarta edición do Lucus in Vino Veritas terá lugar o vindeiro 25 de maio, de novo nun lugar emblemático: o atrio da Catedral de Lugo. O evento vinícola está dirixido a todos os lucenses e a todos aqueles que lles interese a cultura do viño.

Nesta nova edición da mostra de viños, estableceranse dúas zonas diferenciadas. Unha será para as adegas exclusivamente da provincia de Lugo, pretendendo dar máis protagonismo ao territorio e proxectando a imaxe dunha zona rica en diversidade e con moitos proxectos para destacar. Un segundo espazo estará dedicado ás adegas que veñen doutras zonas, doutros chans e doutros climas coa intención de aprender a través da pluralidade.

Regresan as estadias do Atopémonos Bailando

A área de Cultura e o Colectivo Glovo organizan unha nova edición das residencias artísticas Atopémonos Bailando coa que 8 proxectos desfrutarán dunha estadia en Lugo para realizar un estudo de investigación arredor das artes do movemento. A concelleira de Cultura destacou que “ano tras ano vemos como o MIHL, pola súa singularidade e as súas capacidades, é un dos espazos máis reclamados polas artistas para este proxecto”.

As 8 residencias que terán lugar en Lugo realizaranse entre os meses de abril e novembro de 2024. Cada unha delas terá unha duración de entre 5 e 10 días, e rematará cunha mostra aberta á veciñanza, onde se

amosará o traballo realizado. Dous dos proxectos seleccionados realizarán intercambios con Portugal, e unha achegarase ata Costa Rica. Os artistas e grupos seleccionados foron Catarina Gameiro e Mariana Frazão, Elvi Balboa, Julia Laport, Mariana Collado e Lucio A Baglivo, Miguel Gendre, Nashira Santanatalia e Gustavo Giménez, Alba Fernández Cotelo e Marina Melero. A comisión de valoración estivo formada por 7 profesionais das artes do movemento de Galiza, Portugal e Costa Rica, contando con Esther Latorre e Hugo Pereira, directores da compañía de danza Colectivo Glovo e directores do programa de residencias Atopémonos Bailando.

Abre o prazo das actividades das reservas da biosfera

A Deputación de Lugo ten aberto o prazo de inscrición para participar no novo programa de actividades gratuítas que organiza co obxectivo de fomentar o lecer saudable e a educación ambiental nas reservas da biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, xestionadas pola institución provincial. O novo calendario inclúe en total 15 propostas con máis de 420 prazas para todos os públicos, que se desenvolverán no segundo trimestre do ano, do 8 de abril ao 28 de xuño.

As actividades na Reserva Terras do Miño comezarán no Centro de Interpretación Terras do Miño cunha xornada de Economía Circular e Sostibilidade que se celebrará os días 8, 9, 10, 11 e 12 de abril en horario de 10:00 a 14:00 horas. Unha iniciativa que porá a disposición da veciñanza 15 prazas.

Obradoiro de técnicas artesanais de secado e preservado de flores celebrarase os días 15, 16, 17, 18 e 19 de abril. Haberá 18 prazas para adultos distribuídas en dous grupos de 9 persoas e un horario de mañá entre as 10:00 e as 14:00 e

outro de tarde entre as 15:30 e as 19:30. Esta actividade desenvolveuse tamén no Centro de Interpretación Terras do Miño.

Ademais, estas instalacións acollerán do 22 ao 26 de abril, en horario de 10:00 a 14:00 horas, Actividades Deportivas na Natureza, nas que poderán participar 15 adultos. Esta iniciativa repetirase no mes de maio.

Os días 6, 7, 8, 9 e 10 de maio, das 16:00 ás 20:00 horas, terá lugar a xornada *Como preparar unha horta para a chegada da primavera*. Desenvolverase no Centro de Interpretación Terras do Miño e haberá 20 prazas.

Taller práctico de reutilización e reciclaxe: as 3R terá lugar os días 20, 21, 22, 23 e 24 de maio entre as 10:00 e as 14:00 horas. Celebrarase no Centro de Interpretación Terras do Miño e haberá 10 prazas.

Os nenos e nenas a partir de 8 anos poderán participar na xornada *Facemos música coa reciclaxe*, que se celebrará do 27 ao 30 de maio e o 3 de xuño polas tardes, entre as 17:00 e as 20:00 horas. Terá lugar no Centro de Interpretación e hai 15 prazas.

Os museos contarán con mochilas sensoriais neurodiverxentes

Os museos provinciais – Museo Provincial de Lugo, o Museo do Mar de San Cibrao, o Museo Pazo de Tor e o Museo Fortaleza de San Paio de Narla – contarán con mochilas sensoriais neurodiverxentes.

Trátase de 17 maletas con recursos pensados para previr ou paliar crises sensoriais en crianzas con TEA ou necesidades de apoio específicas durante as visitas aos museos. Inclúen xoguetes sensoriais – botellas de calma, panos de seda, frascos con

especies, rotuladores de olor, pop it –, auriculares de redución de ruído e outros materiais relacionados cos oficios e o persoal dos museos.

Na selección dos materiais, a Rede Museística contou co asesoramento da asociación Raiolas Lugo, que participa habitualmente nas actividades didácticas e programas que impulsan os museos provinciais.

A iniciativa forma parte das accións programadas polo Día Mundial da Concienciación sobre o autismo.

¿ESTÁS PENSANDO EN HACER UNA REFORMA?

outlet
sótano

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

azulejos, porcelánicos
& muebles de baño

“CON POCO HACES MUCHO”

50%
descuento

en todos los
muebles
de la
exposición

A Tradescola impartirá un obradoiro de tixola

A Tradescola impartirá un obradoiro de iniciación á tixola de xeito gratuito o vindeiro 13 de abril. Felisa Segade será a encargada de guiar o obradoiro, no que quere amosar unha panorámica xeral baseada no seu traballo de campo, e en referencias atopadas e documentadas por compañeiras e compañeiros cos que se ten relacionado ao longo de anos de traballo compartido.

Trátase dun primeiro achegamento á tixola dirixido a principiantes onde se van familiarizar con diferentes técnicas e xeitos para tocar o instrumento. Con esta iniciativa, desde a área de Cultura seguen a traballar na difusión da música e da cultura tradicional galega, "achegando ás veciñas e veciños de Lugo o coñecemento dunha das persoas máis importantes na investigación dos nosos sons", explicou concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro

Maite Ferreiro destacou a importancia da música e da cultura tradicional na programación cultural do Concello, xa que é "un dos piares básicos á hora de organizar actividades, xunto coa promoción das agrupacións locais e a difusión de actividades de calidade e recoñecidas a nivel galego, estatal e internacional".



Entregan os premios do concurso de fotografía sobre o cemiterio lugués

A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, xunto coa edil Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, entregaron os premios do IX concurso de fotografía Estampas de Paz e Acougo. A área de Participación ten como obxectivo deste certame achegar á veciñanza ao cemiterio e integrar esta instalación municipal na vida social e cultural da cidade, poñendo en valor non só o patrimonio histórico e artístico que alberga senón tamén a importante carga emocional contida en cada unha das esculturas e construcións funerarias. O concurso estivo baseado, entre outras temáticas, na simboloxía oculta que se reflicte nas construcións funerarias dos cemiterios. O

xurado valorou a calidade técnica e artística das obras, dándoselle unha especial relevancia á captación da sensación de paz e harmonía coa que se impregnan os recintos dos cemiterios. O xurado estivo formado polo fotógrafo Eduardo Ochoa, Amparo Rubinos, Xefa do Servizo do Cemiterio Municipal e Chelo Rodríguez, do Servizo do Cultura. *Gardiáns da Calma*, de Iago Manoel Souto Lorenzo, foi a imaxe gañadora dos 600 euros do primeiro premio. O segundo premio, cun valor de 400 euros, foi para Jesús Burgo Tomás, con *Rougade a Deus*. Na terceira posición rematou a imaxe sen título de Aída Martín Vázquez, que levou un premio de 200 euros.



As novas xornadas sobre patrimonio centraranse nas villae na Gallaecia

As modificacións da paisaxe agraria na Gallaecia serán o tema que centrarán as VII Xornadas de Divulgación Científica do Patrimonio Arqueolóxico Lucense, que se celebrarán os días 5 e 6 de abril Pazo de Marcos baixo o título *As villae na Gallaecia. Establecementos agrícolas-señoriais de época romana*.

Tras a conquista romana, a paisaxe agraria da Gallaecia sufriu importantes modificacións coa instalación dun novo sistema de explotación do territorio, dentro do cal as villae constitúen o seu elemento máis xenuíno. Trátase de instalacións que adoitaban aglutinar edificacións dedicadas ao aproveitamento,

transformacións e almacenaxe de diferentes produtos, así como a área residencial.

As xornadas divulgarán investigacións, intervencións arqueolóxicas e proxectos de socialización que se levaron a cabo en Galicia, Asturias, León ou Valladolid en relación coas villae, contribuíndo a un maior coñecemento destes restos romanos e promovendo unha reflexión sobre a necesidade e a xustificación das actuacións arqueolóxicas. A participación na xornada require inscrición previa a través do formulario dispoñible na web www.comunidadermpl.gal. A asistencia pode ser presencial ou en liña.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



II JORNADAS DE LA Gastronomía Asturiana

5 al 28 de abril

¡Platos especiales!



Fabada asturiana



Merluza a la sidra



Nroz con leche

982 24 70 76  

RECATELO Nº1 

EN BREVE

ORATORIA. Bota a andar a primeira Liga Oratoria Intertententro, unha iniciativa para promover estas habilidades, de pensamento crítico e traballo en equipo que se celebrará os días 10, 11 e 12 de maio. Na primeira categoría estará o alumnado de 3º e 4º de ESO; na segunda, alumnado de 1º e 2º de Bacharelato e na terceira, os estudos de grao e postgrao da universidade. Fíxanse 16 prazas por categoría. Os interesados xa poden realizar a súa inscrición a través da web www.xuventudelugo.gal.

FILARMÓNICA. O 7 de abril o Círculo das Artes acolle un concerto organizado pola Sociedade Filarmónica de Lugo ás 19.00. A Banda Filarmónica de Lugo estará dirixida por Iván Martínez Sabio e contará coa violonchelista Cristina Noguera e a clarinetista Uxía Sierra. A entrada é gratuíta ata completar aforo.

DANZA. Como parte do programa Lugo en Danza, o vindeiro venres 5 de abril o auditorio municipal Gustavo Freire acolle unha nova proposta. Trátase da peza *Inverno* da compañía de danza de Almada da que se poderá gozar a partir das 20.30 horas. Lugo en Danza é un ciclo de programación e mediación cultural que xira en torno á danza e ás artes do movemento.

A Casa da Muller atende unhas mil consultas e suma 153 usuarias

A Casa da Muller atendeu ao longo de 2023 un total de 968 consultas nas que predominou a axuda xurídica en cuestións como os trámites por separación ou divorcios, impagos de pensións ou sentenzas incumpridas. Concretamente, o 60 % correspóndese con consultas deste tipo, mentres que o 25 % foron consultas de atención psicolóxica, fundamentalmente labores de apoio, orientación e asesoramento ante casos de desigualdade de xénero. No 15% restante enmárcanse consultas de mulleres vítimas de violencia de xénero, “ás que se lles proporcionou apoio e protección social, ademais de información e asesoramento específico”, explicou a concelleira da área de Cohesión Social, Ana Abelleira. Ademais, no ano pasado, abriuse expediente no centro a 153 novas

usuarias que demandaron os servizos da Casa da Muller e recibiron axuda dos seus profesionais de forma totalmente gratuíta. A través deste servizo promóvese a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres no concello de Lugo e que é “resultado da evolución no relativo á implantación de programas e equipamentos destinados á atención das necesidades das mulleres”. Neste senso, a Casa da Muller cumpre cun dobre obxectivo: facilitar atención personalizada e gratuíta sobre malos tratos, vexacións, ameazas e demais tipos de violencia contra a muller; e deseñar e coordinar as políticas de igualdade de xénero do Concello. Así mesmo, a edil recordou que este ano cumprense 20 anos das políticas de igualdade do Concello, administración pioneira na promoción dos

dereitos das mulleres en Galicia. Así o asegura a concelleira apoiándose en iniciativas cuxas consecuencias positivas aínda perduran hoxe como “a posta en marcha do primeiro Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, aprobado no 2004, ou o primeiro regulamento do Foro de Participación Cidadá en materia de Igualdade de 2005”,

PROGRAMAS. Entre as actividades e campañas postas en marcha por este servizo destacan o programa Aprende Xogando, destinado a nenas e nenos lucenses de 3 a 12 anos, orientado a favorecer a conciliación nos eidos laboral, familiar e persoal e apoiando de xeito especial ás mulleres no seu proceso de participación sociolaboral; ou o Programa Socioeducativo de prevención da violencia de xénero. Este ten como finalidade achegar á poboación adolescente novas ferramentas que axuden a potenciar o seu pensamento crítico e reflexivo ante as desigualdades de xénero e, de forma máis concreta, ante as diversas situacións de violencia machista e ante as súas consecuencias.

Así mesmo, tamén se activou unha campaña contra submisión química da man dos locais do ocio nocturno e hostalaría baixo o título Diversión non é submisión, para a sensibilización e prevención contra a submisión química, onde se pon o foco nos agresores e na primeira atención as vítimas. Desenvolveuse coa Asociación de Hostaleiros e buscou concienciar sobre esta nova forma de violencia machista, incrementar a protección das vítimas e facilitar a primeira atención da muller.

Ana María Rivas será a primeira secretaria xeral do Concello

Ana María Rivas García, quen exerceu nos últimos anos como secretaria interventora no municipio de Becerreá, toma de posesión da nova secretaria xeral do Concello de Lugo. O acto coincidiu co 8 de marzo, Día Internacional da Muller, xa que Rivas García é a primeira muller que desempeñará de forma oficial este labor en toda a historia do Concello.

Neste sentido, a rexedora destacou a importancia de que as mulleres ocupen postos de responsabilidade na xestión pública. “É emocionante presidir como alcaldesa a toma de posesión da primeira muller en ocupar este cargo como habilitada na-



cional na nosa Administración local. Con esta incorporación evidenciase o cambio social que as mulleres estamos a protagonizar en todos os eidos da nosa sociedade”, dixo.

Axilizan o acceso ás prestacións para persoas en situación de dependencia ou discapacidade

A Consellería de Política Social e Xuventude implanta dous novos órganos de valoración en Lugo que contribuirán a axilizar os procesos de acceso ás prestacións sociais para persoas en situación de dependencia ou discapacidade. Supón un incremento de recursos e persoal e unha descentralización dos servizos que se veñen prestando no Servizo de Dependencia e Autonomía Persoal da rúa Serra de Ancares, onde continuarán traballando outros sete órganos de valoración.

Os novos servizos estarán situados no complexo Lug II, nunhas instalacións que foron acondicionadas para este fin; o primeiro deles comeza a funcionar hoxe mesmo e o segundo farao nos vindeiros días, e poderase

solicitar cita presencial a partir do vindeiro 2 de abril. Cada un está integrado por un médico, un traballador social e un psicólogo, e tamén contarán con persoal administrativo.

Deste xeito, Lugo disporá en total de cinco órganos de valoración para persoas con discapacidade e catro para persoas con dependencia, encargados de emitir os ditames propostos do grao e nivel de dependencia e do plan individual de atención axustado a cada usuario. Esta medida vén a sumarse a outras melloras incluídas no novo Decreto de Dependencia, aprobado o pasado mes de setembro polo Consello da Xunta de Galicia, para reducir a documentación necesaria e os tempos de espera na atención.

DÍA DA MULLER



Menos discursos e máis recursos ou Pode chover, pode escampar a nosa loita nunca vai parar. Estas foron algunhas das reivindicacións coas que Lugo tomou as rúas nunha convocatoria aberta e sen exclusións para conmemorar o Día Internacional da Muller. As choivas non puideron frear a concentración, organizada pola Plataforma Feminista de Lugo baixo o lema *Contra a cultura machista, educación feminista*, que pon o broche de ouro aos actos reivindicativos que tiñan como demandas a educación para lograr a igualdade e a xustiza social.

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
 Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Os veciños de San Lázaro organizan unha charla sobre primeiros auxilios


O vindeiro sábado 20 de abril, a partir das 12.00 o local social de San Lázaro acolle unha charla de primeiros auxilios, impartida por persoal da Cruz Vermella. Despois desta proposta, a partir das 13.30 horas, a Asociación de Veciños de San Lázaro programa o un xantar veciñal a base de empanada, callos, churrasco, larpeira, pan, viño, refrescos e café. Nesta xornada tamén organizarán un baile. Ten un prezo de 15 euros para os rapaces de ata 12 anos, de 27 para os adultos que son socios e de 30 para os que non o son. A rapazada de ata 5 anos non ten que pagar. Os interesados poden anotarse ata o 10 de abril chamando ao 614 310 589.

O IES Lucus Augusti homenaxea a Xesús Alonso Montero

O IES Lucus Augusti continúa coa preparación da homenaxe a Xesús Alonso Montero, que foi profesor do centro entre 1960 e 1976. Ata o día 5 de abril permanece aberto o prazo para confirmar asistencia ao acto, que terá lugar 19 de abril. O programa comezará ás 12.00 horas cunha recepción no vestíbulo do instituto para continuar o encontro no salón de actos. A partir das 14.30 horas, terá lugar o xantar de confraternización no restaurante Méndez Núñez. Os interesados en participar no almuerzo, que pon punto e final ao programa de actos de homenaxe, deberán facer a reserva. Xesús Alonso Montero (Vigo, 1928) foi docente en Lugo entre 1960 e 1975. Desenvolveu un labor docente dunha altura da que sempre deron fe os seus innumerables discípulos.

Sobre o I Parlamento de Mulleres con Discapacidade

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Co motivo dos dez anos da posta en marcha da Fundación CERMI Mujeres polo Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade (CERMI), o pasado 1 de marzo asistín á celebración no Senado das Cortes Españolas ao Primeiro Parlamento das mulleres e nenas con discapacidade. Baixo o lema "o futuro que queremos!", falouse sobre a Axenda das Mulleres e Nenas con Discapacidade en España para a próxima década 2025-2035). Este acto consistiu, por enriba de todo, nunha chamada á acción xa que desde a aprobación do II Manifesto sobre os Dereitos das Mulleres e Nenas con Discapacidade da Unión Europea, o mundo enfrontouse a grandes desafíos, como a pandemia de COVID-19, os conflitos armados e os efectos do clima. E as mulleres e nenas con discapacidade seguen enfrontándose a formas agravadas de discriminación en todos os aspectos da vida posto que as crises dos últimos anos afectáronnos moitísimo. Porén as mulleres con discapacidade deben liderar a defensa dos seus dereitos fundamentais. Hai que ter en conta que mulleres e nenas con discapacidade son o 25,9% da poboación total de mulleres da Unión Europea e preto do 60% da poboación total de 100 millóns de persoas con discapacidade en Europa. E en España, das 4.383.900 persoas con discapacidade rexistradas, 2.570.600 son

mulleres; é dicir, un 58,6%.

As razóns da maior prevalencia da discapacidade entre as mulleres que entre os homes está no seu baixo nivel socioeconómico; na existencia da violencia de xénero, e nas prácticas discriminatorias contra elas.

Neste contexto, o empoderamento das mulleres e nenas con discapacidade e o desenvolvemento da súa capacidade de liderado é fundamental para protexer os seus dereitos humanos e liberdades.

Dentro da diversidade das mulleres con discapacidade, están as que teñen pluridiscapacidades ou grandes necesidades de apoio. Estas mulleres, polas súas circunstancias e por vivir nunha contorna non axeitada ás súas necesidades están moito menos empoderadas.

Por iso, a Confederación de asociacións de persoas con Parálise Cerebral, sendo representada neste acto por min e outras compañeiras, fixo unha serie de propostas para incorporar ás mulleres con grandes necesidades de apoio na axenda feminista da discapacidade e que se garantan, de forma real e efectiva, os nosos dereitos, como son:

O dereito á saúde sexual e reprodutiva. Necesitamos servizos de obstetricia e xinecoloxía accesibles. Ademais, debemos ter acceso a programas de educación sexual inclusivos adaptados ás nosas necesidades.

A participación social e política é outro dereito fundamental. Proponemos medidas de discriminación positiva que nos permitan formar parte dos espazos de toma de decisións e recoñecer a nosa capacidade de contribución

significativa á nosa sociedade. No ámbito laboral, as políticas de inclusión deben garantir a igualdade de oportunidades e unha remuneración equitativa das mulleres con discapacidade. Non poden seguir solicitándonos informes de aptitude nas ofertas de emprego público para as que xa demostramos estar preparadas. Non nos poden negar a asistencia persoal, as nosas mans e os nosos pés, para desenvolver un traballo. Son medidas fundamentais para a erradicación da discriminación laboral e para a nosa independencia económica. A estratexia de desinstitucionalización marca un camiño cara á vida independente. Pero no caso de grandes necesidades de apoio como a nosa, hai que mirar máis aló. A normativa debe permitir que cada persoa deseñe o seu

propio traxe de apoio á medida. Todas as solucións de vida deben ter ratios suficientes. Queremos escoller os servizos como quero, sen ter que renunciar á asistencia persoal acudindo a un centro de día. Por último, hai que reforzar os protocolos de abordaxe integral das mulleres con parálise cerebral vítimas de violencia. Isto inclúe garantir o acceso a facilitadores e tecnoloxías de comunicación aumentativas e alternativas. Dános ferramentas para protexernos. Queremos unha vida libre de violencia. O noso obxectivo é construír un futuro onde todas as mulleres, independentemente das súas necesidades de apoio, sexan recoñecidas como iguais, con todos os seus dereitos garantidos e respectados.

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauraciones • Acondicionamientos
Mantenimientos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

O bus urbano consolídase con 182.518 usuarios en xaneiro

En Lugo o transporte público estase a consolidar entre os veciños. Así o confirma o tenente alcalde e responsable da área de Mobilidade, Rubén Arroxo, apoiándose nos datos de usuarios dos primeiros meses de 2024 que “están a colocarse como os mellores xaneiro e febreiro desde que se rexistran os datos de usuarios do transporte público municipal”. Este aumento de usuarios demostra que a reformulación das liñas “está a facer que máis persoas aposten por deixar o coche na casa e desprazarse por Lugo utilizando o bus”.

O mes de xaneiro de 2024 contou con 182.518 usuarios, sendo só superado polo mes de xaneiro de 2019, mentres que febreiro, con 180.072 usuarios, é o mellor febreiro desde que se toman datos, e sobe en máis de 31.000 a marca de 2023, cando se rexistraron 148.736. O bus urbano pasou pola maior transformación das últimas décadas, cunha renovación total do servizo aprobada por unanimidade de todos os grupos da corporación municipal, que permitiu mellorar as conexións da veciñanza coas distintas zonas da cidade.

Coas novas liñas, o HULA gañou conexións con Fontiñas, a zona sur da cidade e a avenida das Américas, que co modelo antigo non tiñan transporte directo. As transformacións do modelo de bus urbano conectou de xeito directo o hospital coas zonas de Fingoi, Magoi, Sagrado Corazón, as Gándaras, Avenida das Américas, Fontiñas, Fonte dos Ranchos, a Abella e Garabolos, mellorando tamén as frecuencias coa zona centro. Os barrios aumentaron as frecuencias de conexión co centro da cidade, pasando da hora entre cada volta a 30 minutos de frecuencia.

Nos polígonos do Ceao e das Gándaras aumentáronse tamén as co-



nexións, quedando ambas áreas industriais co barrio de Fontiñas e o sur da cidade, cun total de seis liñas que entre os seus percorridos inclúen a unha das zonas industriais e dúas que pasan por ambas, unindo as áreas industriais de xeito directo con zonas como Fingoi, o Campus Universitario, Fontiñas, Magoi, Avenida das Américas e coa zona centro, pasando pola Ronda da Muralla.

MÁIS BARATO. En canto aos prezos, Lugo ten “o transporte máis barato das cidades galegas e o terceiro máis barato das capitais de provincia do estado”, explicou Rubén Arroxo. Un importe que se reduce ata nun 50 % coa Tarxeta Cidadá, coa que xa contan unhas 30.000 persoas.

Coa tarxeta, o prezo do billete ordinario pasa de 0.64 euros a 0.45 euros, no caso de non ter dereito a bonificacións, ou a só 0.31 euros para persoas pensionistas, desempregadas, estudantes ou persoas con mobilidade reducida, con transbordos gratuítos en todas as situacións. Para obter a tarxeta cidadá, deberá cubrirse o formulario que se pode atopar na web do Concello, ou recollelo nas oficinas municipais do seminario, e pagar a taxa de 3,0 euros nunha oficina de Abanca. Des-

pois, deberá pedirse cita no 010 para retirar a tarxeta nas oficinas do Concello. A recarga do moedeiro será, como mínimo de 5 euros, cun máximo de 60 euros.

VECIÑOS. A Plataforma pola Defensa da Zona Norte de Lugo denuncia carencias no funcionamento do servizo de transporte urbano. Solicitan que se contemple nos orzamentos municipais de 2024, a contía requirida para a recuperación das liñas suprimidas de bus urbano que daban comunicación ao barrio co resto da cidade. Ademais, lembran que se trata dunha zona na que viven bastantes persoas con mobilidade reducida. Deste xeito, piden recuperar a liña 7A (As Gándaras – Cemiterio e a liña 7 (As Gándaras – Campus). Pola súa parte, a veciñanza da Milagrosa demanda que non teñen ningún bus directo ao cemiterio como tiñan antes. Esta problemática afecta tamén a zona de Paradai. Por este motivo, piden un bus de ida e volta cara ao centro, o máis preto posible da Praza de Abastos. Para poder ir ao HULA, “teñen que utilizar o intercambiador e á xente maior complícasele”. No Castiñeiro solicitan reforzos e máis percorrido da liña 9 e queixanse do autobús que chega ata o HULA.



O Mercado habilita unha sala de lactancia

O Mercado Municipal acaba de habilitar unha nova sala de lactancia para aumentar os servizos dispoñibles na instalación. O espazo ubicado no Mercado de Quiroga Ballesteros está equipado para que as mulleres lactantes poidan atender ao coidado e ás necesidades das nenas e nenos. A sala estará dispoñible durante todo o horario de apertura das instalacións, e para utilizala, poderase pedir a chave contactando co persoal do Mercado ou en tres dos postos do Mercado: Restaurante Mangiarte, Churrería La Modernita e Quesería

Gerardo.


A concelleira de Participación, Cristina López, agradeceu “a implicación” dos distintos negocios do Mercado coa promoción deste espazo. Deste xeito, seguen a traballar para facer da Praza e do Mercado lugares de referencia para o comercio local, “poñendo novos servizos a disposición de toda a veciñanza para que decidan achegarse a estas instalacións a facer as súas compras”.

O Mercado Municipal e a Praza de Abastos contan cunha importante programación de actividades.

A proposta do PP para a Praza

O PP quiere impulsar a actividade na Praza de Abastos buscando solucións que melloren as condicións para comerciantes e clientes. Deste xeito, piden o arranxo de deficiencias e propoñen recuperar o espazo infantil e o servizo de compra online. Así o trasladaron na súa visita ao Mercado de Quiroga Ballesteros os concelleiros populares, na que detectaron unha falta de mantemento. Entre as deficiencias sinalan a rampla de acceso lateral “inutilizada” para subir mercadorías e “sen data de arranxo”, óxido en cámaras de frío,

desperfectos no chan en corredores e entrada, desconchados na pintura de paredes e teitos por humidades e a máquina con información municipal que non funciona. Os populares indican que a pesar dos investimentos que se fixeron para recuperar o mercado, o recinto “segue sen despegar”, situación que achacan á falta de servizos hoxe esenciais. Entre eles, destacan a posibilidade de facer compra online ou informarse dos postos e produtos da praza, “porque a web está sen actualizar dende xaneiro de 2022”.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

EN BREVE

CURSO DE PESCA. A área de Xuventude ofrece nos meses de abril, maio e xuño, un curso gratuíto de pesca deportiva no río Miño, de cinco horas de duración, para a mocidade luscense de entre 18 e 38 anos. Haberá 4 grupos, dous de iniciación e outros dous de perfeccionamento, para quen xa teña experiencia pescando. O primeiro grupo terá a actividade o sábado, 20 de abril, o segundo iniciarase no deporte o sábado 11 de maio e o terceiro o 1 de xuño. Será en horario de 9.00 ás 14.00.

CONCURSO DE PESCA. Os Troiteiros de Ombreiro pon en marcha de novo o seu tradicional concurso de pesca. A cita, que chega a súa trixésimo terceira edición, terá lugar o vindeiro sábado 6 de abril cun carácter benéfico. No concurso participarán 50 cañistas e cada un deles poderá capturar ata catro troitas.

EXPOVERBENA. O Pazo de Feiras e Congresos de Lugo acolle unha nova edición da Expoverbena os días 5 e 6 de abril coa actuación dunha decena de orquestras, grupos e cantantes. A cita, que é de entrada gratuíta, comezará o venres a partir das 20.30 horas. Nesta xornada, actuarán a orquestra Suavecito, o grupo Lume e Costa Dorada. Tamén estarán Verónica Cambón, a cantante Macarena de La Voz Kids, o DJ Marcos Magán e celebrarase unha homenaxe a Miguel Taorres. A festa continúa o sábado da man da orquestra Super Top, a batucada Cadabatú, o grupo M-3 Show, o grupo Arizona, a orquestra Salsarena, Carlos Mariano e Hermo Disco-Truck.

KDD MOTEIRA. Os amantes do motor teñen unha cita o vindeiro sábado 20 de xullo. Os Jabatos Bravíos organizan nesta xornada a primeira Kdd Moteira na cidade. Trátase dunha ruta pola zona na que haberá comida e sorteos e premios para todos os inscritos.

“Créanse moitos mitos dos trastornos do espectro autista nas películas”

En Raiolas atenden a 75 familias e contan co primeiro centro de día para persoas con TEA da provincia

Por **Lucía Blanco**

“Cando reciben a noticia é o máis complicado, dinnos que é como se che caera unha lousa enriba”. Así é como moitos pais afrontan o diagnóstico de que o seu fillo ten un Trastorno do Espectro Autista (TEA), segundo traslada Inés Flores, presidenta de Raiolas. A asociación atende a unhas 75 familias da provincia e traballa en áreas como logopedia, psicoloxía, psicopedagogía ou terapia ocupacional. “Todo o mundo ten na cabeza unha persoa que non fala ou que está desconectada da contorna. Pero o espectro é moi amplo”, asegura a psicóloga Ana García. Cada 2 de abril celébrase o Día Mundial da Concienciación deste trastorno para visibilizalo, porque falar de autismo implica seguir facendo fronte a estereotipos, falsas crenzas e moito descoñecemento. “Aínda que se mellorou, hai bastantes lagoas. E despois créanse moitos mitos na televisión ou nas películas que ultimamente tiran polo feito de que son como superheroes e teñen unhas capacidades intelectuais superiores á media como en *The Good Doctor*, e antes era todo o contrario”, explican. O autismo afecta a tres áreas fundamentais: “A nivel de interacción social recíproca, que é unha dificultade na relación de ida e volta con outras persoas; á parte de comunicación e linguaxe, podendo ter desde ausencia total de linguaxe ata ter unha verborrea excesiva e á área de comportamentos restrinxidos, con tendencias como balanceo ata a fricción de dedos”, conta García. A pesar de que ningún marcador biolóxico indica o trastorno, existen unhas probas específicas coas que se pode detectar, servizo que ofrecen dende o 2022. “Ata fai pouco, había xente que viña sen

diagnóstico. Nós agora somos o único centro da provincia que ofrecemos esa avaliación completa. A través da Seguridade Social só se fai nun centro en Ourense, entón a lista de espera é moi grande”, afirma a presidenta. Raiolas tamén puxo en marcha en xuño o primeiro centro de día para persoas con TEA en Lugo. “É para persoas con altas necesidades de apoio. Polas propias características, para algúns o ambiente doutros centros non é o adecuado”, explica Inés. A entidade aposta por programas como a escola de familias, grupos de pais ou obradoiros que desenvolven co apoio dos seus 18 voluntarios e nos que se valoran as prazas para ofrecer unha atención individualizada. “Nos talleres aprenden as tarefas do fogar e ao mesmo tempo trabállanse habilidades de comunicación”.

Raiolas tamén é o único centro de Lugo que ofrece unha avaliación completa

Porén, segundo expón García, resulta complicado traballar as destrezas sociais cando non existe unha oferta onde levar a cabo esas experiencias. “É difícil nunha comunidade como Lugo, porque non hai unha alternativa non só para as persoas con diversidade, senón para toda a poboación na que poidan participar estas persoas”. En canto á inclusión no mercado laboral, que é outra das barreiras, depende moito do caso. “Un dos nosos aprobou unhas oposicións e



un que está no centro de día tamén sae e ten traballo. Outros teñen experiencias laborais que fracasan como lle pode pasar a calquera, non hai que perder a perspectiva das dificultades que teñen”, detalla Flores.

De feito, contan con capacidades que poden chamar a atención das empresas. “Os que teñen atención ao detalle poden traballar con bases de datos e aqueles con problemas para adaptarse a un horario poden funcionar en empregos relacionados coa música. Hai moitas profesións que se axustan a eles”. A entidade leva máis dúas décadas procurando a súa plena integración e mellorando a súa rede de servizos. “Quizais a frase que mellor pode describir é que Raiolas foi medrando a medida de que os primeiros rapaces que entraron na asociación foron crecendo”.

Unha evolución que se determinou tamén a medida que avanzaba a concienciación entre os profesionais, pois cada vez se detecta máis. “Melloráronse as probas diagnósticas, pero segue existindo un sesgo de xénero importante. Moitas mulleres con TEA pasan desapercibidas porque teñen unhas manifestacións distintas e camuflan máis a sinto-

matoloxía”, alerta Ana García.

A intervención temperá continúa a ser fundamental. “De cara a prepararse para a vida adulta pénsase que con 17 é suficiente e xa é tarde”. Precisamente, dende a asociación queren seguir traballando na atención á xuventude. “Un dos proxectos que defendería serían pisos para que levaran unha vida independente, que para moitos sen supervisión é moi complicado”, di Inés Flores. Trátase dun modelo que xa está a funcionar no resto da comunidade e co que se podería facilitar o proceso de estudar fóra da casa.

“Porque tes un sitio onde te entenden. Moito do fracaso escolar a nivel universitario é que se teñen que ir sós. Non son os contidos de estudo o que o dificulta, é todo o que rodea. Por exemplo, chegar a clases masificadas sen un soporte”. O seguinte paso que queren dar en Raiolas é centrarse na terceira idade. “Os primeiros diagnosticados están chegando a esa etapa e saen estudos das consecuencias do envellecemento tamén nestas persoas. Estar nunha residencia normal é complicado e en moitas estanse habilitando zonas, que non é o máis axeitado”, aseguran.

ACADEMIA DE ESTUDIOS

EL BUIHO

- **Exámenes Oficiales**
- Inglés y Francés
- Cambridge y Alianza Francesa.
- **Refuerzo escolar** todas las materias.
- **Matrícula gratuita** y clase de prueba gratuita.

Desde **9,5€/hora**

Calle Tuy 76, Bajo, 27004 Lugo.
TEL: 685 99 89 77

Descubre la Verdad sobre la Piel

- Acné
- Psoriasis
- Arrugas
- Manchas
- Eczemas
- Dermatitis
- Rosacea
- Estrías
- Pos-quirioterapia
- Pos-radioterapia
- Hiperhidrosis
- Micosis
- Lupus
- Celulitis

¡Pide una demostración Gratuita!
Tratamiento exclusivo de nuestro centro

Montero Rios, 41 27002 - Lugo.
josemanuel@verxel.es
Tel.: 982 251 827 • www.verxel.es

O centro Salesianos leva a prensa ás aulas a través do diario LUGOXÁ

O alumnado dos distintos cursos do Colexio Divina Pastora Salesianos de Lugo celebrou a Semana da Prensa. A lectura do xornal LUGOXÁ e o xénero da noticia foron os eixes destas actividades, que contaron coa participación e interese tanto dos escolares como do profesorado do centro. Entre as iniciativas, o equipo docente organizou obradoiros baseados na elaboración de noticias, debates de actualidade e *collages* para facilitar a aprendizaxe. Ademais, os propios alumnos e alumnas de cursos superiores foron os encargados de traballar cos máis pequenos sobre a importancia dos xornais e as noticias no día a día.

Deste xeito, puideron achegarse aos tipos de contidos dos diarios grazas á análise dos contidos locais da nosa cidade. Por outra banda, do día 4 ao 8 de marzo, tamén traballaron nas aulas de xeito individual e cooperativo os estudantes tanto das etapas de Educación Infantil e Educación



Primaria como os de Educación Secundaria Obligatoria.

Con esta iniciativa confirman que a prensa e a escola é unha boa mestura e apoian a conmemoración coa que se pretende destacar a importancia dos medios de comunicación na programación didáctica e necesidade de integrar novas estratexias educativas nos centros. Incluír os xornais nos colexios axuda aos estudantes a desenvolver mellor a escrita e a lectura, ademais de invitar á re-

flexión e a que os máis novos poidan adoptar actitudes máis críticas.

AUGA. Durante a semana do 18 ao 22 de marzo, levaron a cabo diversas actividades nas que se implicaron todas as etapas, como parte do proxecto colexial de innovación Auga e Vida do colexio. Pretenden concienciar da necesidade do coidado das fontes de auga, así como todos os beneficios e usos desta no noso día a día.

O Franciscanos acorda promover un servizo de protección animal

Rubén Arroxo e Alexandre Penas, recibiron a dous grupos de estudantes do Colexio Franciscanos de Lugo. Durante a visita, os concelleiros explicaron o funcionamento da Administración e o papel da veciñanza nela, e amosaron as distintas instalacións da Casa Consistorial, na praza Maior.

Simularon un pequeno pleno onde acordaron a realización dun parque acuático ou a creación dun servizo de salvamento de animais, ademais de debater ante a difícil decisión de escoller a mellor larpada do mundo.



A concelleira responsábel da área de Participación, Cristina López, recibiu na Praza de Abastos a un grupo de nenas e nenos procedentes do Colexio Sagrado Corazón de Lugo. Na visita, guiada, coñeceron os distintos produtos e a importancia do comercio de proximidade e dos produtos ecolóxicos e de KMO.

O cemiterio amplía desde abril o horario de enterros

A área de Participación amplía os horarios de enterramentos no Cemiterio Municipal. Deste xeito, a partir do 1 de abril, permitiranse enterros entre as 10.30 e as 18.00. Esta medida permite garantir unha maior dispoñibilidade horaria, “acollendo ata 6 enterros diarios de luns a sábado”, asegurou a concelleira de Participación e Servizos á Veciñanza, Cristina López.

Unha vez cubertas as prazas de persoal na súa totalidade, “podemos dar o mellor servizo nesta instalación municipal”. Os enterros terán lugar entre as 10.30 e as 18.00 de luns a sábado, un cada hora entre as 10.30

e as 13.30 e dous en horario de tarde, ás 17 e ás 18 horas. O horario da instalación será de 9.30 a 14.30 horas e de 16.00 a 19.00 de luns a sábado e os domingos e festivos de 9.30 a 14.30 horas.

Con esta medida, ampliáanse ata 6 as inhumacións realizables nas xornadas de luns a sábado, xunto cos 4 que se poden realizar no horario de domingo. Nas xornadas de maior afluencia de visitantes, o horario de visitas será ininterrompido entre as 09.30 e as 19.00. Este horario aplícase os días 17 de marzo, 5 de maio, 26, 27, 28, 29, 30 e 31 de outubro e 1 de novembro.

Foron abandonados nas rúas uns 102 vehículos

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, acompañada do Intendente da Policía Local, Jesús Piñeiro, visitou o depósito municipal de vehículos para coñecer de primeira man a situación destas instalacións que prestan un servizo 24 horas para a recollida de vehículos retirados da vía pública, sancionados por mal estacionamento, abandono ou outras infraccións. Ao longo do ano 2023, efectivos da Policía Local de Lugo levantaron “102 actas de denuncia, ao detectar outros tantos vehículos abandonados nas rúas da cidade, sendo remitidas ao órgano competente para a apertura do correspondente expediente sancionador e posterior retirada da vía pública para o seu tratamento como residuo sólido”, asegura a rexedora. Destes 102 vehículos, 93 son turismo, 3 remolques, 3 furgonetas e 3 todo-terreo. Alvarellos puxo en valor o traballo da local

pois “a retirada destes automóviles que son deixados nas rúas sen uso prolongado contribúe a mellorar a seguridade viaria, previr posibles delitos, e promover unha contorna urbana máis limpa, segura e agradable para todos os cidadáns, ademais de mellorar o aspecto visual e ambiental da cidade”.

Os vehículos retirados da vía pública son levados ao depósito municipal onde se forman lotes que posteriormente saen a poxa. Cada mes, todas as patrullas nos seus respectivos distritos teñen encomendada a vixilancia de vehículos que presentan sinais de abandono. No momento que se detecta un automóbil sen uso prolongado, levántase acta e comunícase ao propietario. En caso de que este non actúe vencidos os prazos do expediente, que oscilan entre os 6 e os 10 meses, ditase decreto para a súa retirada.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!
OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

Lugo incorpórase á Rede de Destinos Turísticos Intelixentes

O Concello de Lugo vén de adherirse á Rede de Destinos Turísticos Intelixentes (Rede DTI), promovida pola Secretaría de Estado de Turismo, dependente do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo de España. Así o avanzou a alcaldesa, Paula Alvarellos, quen subliñou que “coa incorporación a esta rede nacional buscamos seguir avanzando cara un sector turístico máis sostible, innovador e competitivo”.

A iniciativa supón “unha importante oportunidade para fomentar o intercambio de experiencias e coñecemento entre os máis de 300 membros que xa formamos parte da rede, contribuíndo ao desenvolvemento intelixente dos destinos turísticos”, engadiu.

Na cidade levan anos apostando por un turismo de calidade, “baseado nas experiencias e no aproveitamento dos nosos recursos naturais, patrimoniais e culturais de forma sostible, evitando as masificacións e buscando reducir a temporalidade para que cada vez máis xente nos visite ao longo de todo o ano”.

Así, Alvarellos apuntou que a adhesión a esta rede constitúe “un paso máis na ruta marcada polo Executivo” e lembrou os 2 millóns de euros de fondos europeos que acadaron para a posta en marcha dun Plan de Turismo Sostible. A Rede DTI é un proxecto ambicioso e de longo percorrido, que pretende promover un novo marco de referencia para consolidar os niveis de desenvolvemento e competitividade do modelo turístico español actual, á vez que se poñen as bases para o que será un novo modelo baseado en innovación, coñecemento, tecnoloxía, accesibilidade e gobernanza compartida entre a administración central, a autonómica e a local.



Brais Carreira presidirá a Asociación de Hemofilia

A Asociación Galega de Hemofilia (Agadhemo) celebrou en Santiago de Compostela a súa asemblea anual ordinaria na que se deron cita máis de 120 persoas asociadas, todas coa patoloxía da hemofilia ou con algunha outra coagulopatía conxénita. Todo un récord de asistencia a esta convocatoria, que non se rexistraba dende a pandemia, e na que se elixiu a nova xunta directiva para os vindeiros catro anos.

Despois de oito anos no cargo, a ata o de agora presidenta, Laura Quintas Lorenzo, pasa a ser vicepresidenta e voceira da entidade, cedéndolle o posto da presidencia a Brais Carreira Iglesias, un enfermeiro de 32 anos de Lugo que entrou na xunta directiva no ano 2016 como vogal e que se encarga de levar a cabo o proxecto

Hemoescola que desenvolve a entidade, obradoiros nos que nenos e familias aprenden a autoadministrarse o tratamento intravenoso, evitando ter que ir ao hospital.

A posta en común dos últimos avances de mellora da calidade de vida das persoas con hemofilia e outras coagulopatías conxénitas con novas liñas terapéuticas e de maior eficacia e seguridade foi outro dos puntos do día abordados durante esta xornada. Dende Agadhemo informóuselles a todas as persoas asociadas a solicitude trasladada á Xunta de implementación do novo baremo para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, que permite maior acceso ás discapacidades orgánicas como as coagulopatías.



CONVIVENCIA. A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, entregou xunto ao responsable do Plan Director da Policía Nacional para a Convivencia e a Mellora da Seguridade dos centros educativos, Rubén Darío Veiga, 50 carnés de Ciberexperto no Colexio Maristas.

O PP propón reorientar os hortos urbanos para impulsar a Protectora

En xunta de goberno aprobouse a listaxe provisional de adxudicatarios dos hortos urbanos de Paxariños, comprobando que a demanda non foi suficiente, quedando 5 parcelas dispoñibles das 32 que hai na zona. Ante esta situación o Goberno local terá que abrir un segundo prazo para adxudicar as hortas que quedan sen propietario que as cultive por un período de 2 anos.

A concelleira popular Mar Carballas explica que resulta chamativo que se incorporasen á listaxe de adxudicatarios as peticións que chegaron fóra de prazo o que reflicte a falta de interese da cidadanía en participar neste proxecto. Diante destas circunstancias consideramos ne-

cesario reorientar o proxecto dos hortos urbanos da contorna do Impulso Verde e destinar os recursos dispoñibles a outras iniciativas como a ampliación das instalacións da Protectora.

Para a concelleira popular é “incoherente seguir promovendo a construción de novos hortos urbanos senón logran adxudicar a totalidade dos que hai en Paxariños”, asegurando que é incompreensible que tendo 5 hortas urbanas libres o Goberno local sigan defendendo facer outros 74 na contorna do Edificio Impulso Verde. “Non hai nada menos sostible que construír novas dotacións sen ter a pleno rendemento as que xa existen”.

Un novo selo asegura a calidade da residencia das Gándaras

A residencia lucense das Gándaras, de titularidade da Xunta, acaba de sumar un novo certificado de calidade. Concretamente acaba de recibir a distinción en base á norma ISO 9001-2015, que avala os servizos prestados segundo requisitos e estándares internacionais.

O centro suma así un novo selo que garante a calidade, a profesionalidade e a eficiencia na súa xestión, xa recoñecida coa credencial UNE 158101-2015. A acreditación esténdese a todas as áreas de funcionamento da residencia e reflicte o compromiso de mellora continua por parte do equipo de profesionais que se ocupan da atención residencial, persoal, psicosocial e sociosani-

taria dos usuarios.

Un dos obxectivos do centro das Gándaras é fomentar a vida participativa das persoas maiores a través de diferentes accións. Entre elas figura o proxecto Grazas A-Vós, que acaba de comezar con moi boa resposta por parte dos residentes. Trátase dunha iniciativa da Fundación Breogán coa colaboración da Xunta que inclúe dúas sesións semanais de exercicio físico, ioga, pilates, talleres de estimulación cognitiva e outras actividades para favorecer a saúde física e mental dos usuarios. Ademais, haberá visitas periódicas de xogadores do CB Breogán. A residencia da Milagrosa tamén participa nesta iniciativa.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpetuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf.: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Evita a tu gato el estrés de las visitas al veterinario

“Consultas de Medicina Felina a DOMICILIO en Lugo”

Instinto Felino
MEDICINA FELINA

¡Nosotros vamos a tu casa!

Calle Dinan 1-3, Lugo 982.46.50.65

Instagram: @portovet_instinto_felino
Facebook: Portovet Instinto Felino
Email: portovetinstintofelino@gmail.com

Cruz Vermella firma un convenio de colaboración co Sergas

O conselleiro de Sanidade en funcións, Julio García Comesaña, asinou un convenio de colaboración entre o Sergas e a Cruz Vermella Lugo para o desenvolvemento da súa unidade asistencial de drogodependencias e unidade de día que conta cun equipo de 16 profesionais educadores, de psicoloxía, traballo social, socioloxía, farmacia, enfermaría, medicina e administrativos. Por parte da institución humanitaria o convenio foi asinado polo seu presidente, Luis Abelleira Mayor.

En concreto, a Xunta incrementa a achega ao convenio con Cruz Vermella Lugo nun 7 % ata os 747.763 euros. Grazas a esta contribución, ao longo do ano 2023, foron asistidas no marco deste convenio un total de



545 persoas beneficiarias, das que 428 foron homes e 117, mulleres.

Na súa unidade asistencial, que funciona de luns a venres en horario de mañá e tarde e as mañás de fins de semanas e festivos, esta institución desenvolve un programa de subs-

titutivos de opiáceos, de atención á patoloxía dual e específicos de atención a mulleres, a menores e ao xogo patolóxico. Ademais, as persoas usuarias, dos 42 concellos que abrangue Cruz Vermella, tamén participan en actividades de formación.

A potabilizadora e a depuradora abren as súas portas aos escolares

O Goberno local e Gestagua abriron as portas da depuradora e a potabilizadora, as dúas instalacións de xestión do ciclo integral da auga máis importantes da cidade, a estudantes de primaria e secundaria con motivo do Día Mundial da Auga, que se conmemora o 22 de marzo dende 1992. As visitas prolongáronse durante o resto do curso, hasta o mes de xuño, estando xa programadas as de preto de 800 estudantes e agardando chegar aos 1.000.

O Concello e Gestagua poñen en marcha esta actividade, que se relanza tras o parón provocado pola covid. As visitas axudarán a “dar a coñecer o proceso que permite que

a auga chegue dende o río Miño ata as billas dos fogares e como de novo é devolta ao río en condicións óptimas tras pasar pola depuradora, unha das máis modernas e eficientes do país”, sinalou o edil de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández.

As visitas prolongáronse ata finais de curso. En total, están xa programadas as duns 800 alumnos e alumnas de diferentes centros educativos da cidade, se ben poderían chegar ata un milleiro. Na primeira semana foron 150 os escolares que visitaron ambas instalacións municipais, de titularidade municipal e xestionadas pola empresa Gestagua.

Veciños piden que se reforce Xeriatría do HULA

Desde a Federación de Asociacións Veciñais de Lugo Lucus Augusti piden que se reforce o servizo de Xeriatría do HULA, dotándoo de máis profesionais e máis recursos. Sinalan que nunha provincia tan envellecida como a de Lugo, a terceira coa porcentaxe máis alta de poboación maior de 65 anos en España, este servizo debe ser prioritario.

“Lugo, cunha poboación rural, dispersa e elevadamente envellecida, cun gran grao de persoas dependentes, con moitas patoloxías, é unha provincia que dado estas situacións require un coidado por parte de profesionais sanitarios importante”, expoñen. Neste censo, refírense ao cociente de pediatras con respecto ao número de nenos, fronte ao co-

ciente de xeriatras con respecto ás persoas maiores.

“Do mesmo xeito que a pediatría se ocupa da promoción da saúde e o control do neno san ata os 15 anos, existindo unha cociente elevada destes profesionais tanto en centros de saúde como en hospitais, non ocorre o mesmo coa especialidade de xeriatría, tendo en conta ademais que o número de enfermidades que sofre este colectivo é superior”, expoñen. Solicitan unha valoración especializada dos maiores e un acceso máis fácil e precoz co Servizo de Xeriatría de Lugo, “xa que debido á sobrecarga que sofren estes facultativos, ás veces é imposible chegar a eles”. Tamén solicitan un incremento da contratación de xeriatras.

O PP presenta á Valedora do pobo unha queixa por “falta de transparencia”

O PP presentou na oficina da Valedora do Pobo a queixa pola falla de transparencia no Concello de Lugo. Enrique Rozas López e Silvia Colmenero, en nome do Grupo Municipal do PP de Lugo, rexistraron a crítica polas trabas que o “Goberno local pon, de forma reiterada, á hora de fiscalizar o traballo do Goberno”. Os populares solicitan o amparo de María Dolores Fernández Valiño logo de que PSOE e BNG “impedisen” aos edís populares entrar no novo auditorio de Magoi, unha infraestrutura que sigue pechada ao público e á que lles vetan o acceso. Deste xeito, no escrito sinalan

que o Concello está a actuar de xeito “inxusto con pleno coñecemento da obstaculización que levan a cabo e escusándose nos funcionarios municipais, tratando de eludir a responsabilidade das decisións das que debe ser a alcaldía quen dea as oportunas explicacións polo silencio administrativo”. Un silencio ao que aseguran que se acollen “de xeito recorrente ou por erros humano que envían os documentos rexistrados a dependencias que non corresponden, sen que a área destinataria detecte o erro e o remita á área correcta”.

Celébrase en Lugo unha gala benéfica contra o suicidio



O vindeiro sábado 13 de abril o Pazo de Feiras e Congresos de Lugo acolle unha gala benéfica na que se darán cita artistas da talla de Rosa López, a orquestra Charleston Big Band, o ilusionista Dani Polo, a orquestra Cinema, os membros da Liga dos Cantantes, José Costas e moitos máis. A cita que dedicada a alzar a voz contra o suicidio terá lugar de 20 horas a 06.00 horas. Trátase dun espectáculo, con millóns de luces, pantallas, son, acción e ilusionismo.

Morera
Tu tienda gourmet

JAMÓN IBÉRICO DE JABUGO
TABLAS DE IBÉRICO
TABLAS DE QUESOS
VARIEDAD EN VINOS Y DULCES
BOCADILLOS DE IBÉRICO

Doctor Castro nº 15. 27001 Lugo / Telf.: 982 873 859
tienda@moreragourmet.es / moreragourmet.es

Librería **Troll**

MES DE LA LECTURA Y ESCRITURA

Síguenos en  

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Festa da Xuventude en San Pedro de Mera

San Pedro de Mera organiza a oitava edición da Festa da Xuventude o sábado 6 de abril. Os encargados de amenizar a noite serán a orquestra Cinema e o Dj David Expósito. Os interesados poden mercar a súa camiseta por 15 euros e ter dereito a cea gratis a base de empanada, churrasco, sobremesa e café. Poden facerse con elas na Peluquería Sabela, en Muñoz Balaguer, Bicos de Mami, Crecente, Taberna Rodrigo, Carnicería Chus e Jose e Talleres San Pedro.



OBRADOIROS. O tenente alcalde, Rubén Arroso, e a concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, desprazáronse ata a parroquia de Orbazai, un dos núcleos do rural que iniciaron os obradoiros promovidos pola tenencia de Alcaldía para os dous semestres do 2024.



O PP acusa inseguridade na LU-P-2922 á altura de Santa María de Bóveda

Dende o Grupo Provincial Popular reclaman ao Goberno provincial de PSOE e BNG “maior preocupación pola seguridade dos condutores nas vías provinciais” e, nesta ocasión, denuncian a inseguridade que teñen todas as persoas que circulan cos seus vehículos pola LU-P-2922 ao seu paso por Santa María de Bóveda. Antonio Ameijide, acompañado da concelleira popular en Lugo Flor Rubinos e veciños da parroquia comprobaron como na Ponte de Vilar non hai ningún tipo de sinalización nin elemento de seguridade para evitar a caída dos vehículos, en caso de accidente, ás vías do tren. “O único elemento que pode dar algo de seguridade neste punto é a maleza”, ironizou.

Dende o Grupo Provincial Popular seguen a reclamar “unha preocupación real” pola seguridade nas estradas

provinciais a José Tomé porque “a responsabilidade final en caso de que algún día haxa que lamentar un accidente grave será do presidente da Deputación por tantos anos de abandono ao mantemento e a seguridade nas vías provinciais”.

TRANSPORTE ESCOLAR. Os deputados populares piden a José Tomé que estude a colocación dun espazo seguro para os rapaces que esperan polo bus na estrada LU-P2902, ao seu paso pola parroquia lucense de Santiago de Meilán, para garantir a seguridade dos nenos que agardan polo transporte escolar.

Ameijide e Flor Rubinos revisaron a zona na que se atopa a parada do transporte e comprobaron como non hai “nin unha simple plataforma de formigón para identificar o punto e que os rapaces estean seguros”.

SAN XOÁN DE PENNA

“Se non fose polas xuntanzas moitos veciños non se verían”

O relevo xeracional asegura a continuidade da asociación Santiago de Saa, dos anos 80



Por Lucía Blanco

A pouco máis duns 10 quilómetros de Lugo, atópase a parroquia de Santiago de Saa, un núcleo tradicionalmente dedicado ás actividades agropecuarias, que puxo en marcha a súa asociación veciñal nos anos 80 e que asegura a súa continuidade grazas ao relevo xeracional. “Antes estaban os nosos pais e chegou o momento no que lle quixeron dar paso ás novas xeracións”, conta o presidente, Javier Freitas, que leva vinculado ao colectivo dende o 2008.

Dende a agrupación están enfocados en manter vivas os seus encontros, como a tradicional fogueira de San Xoán ou o cocido que organizaron en febreiro e no que se reuniron 70 comensais. “Adoitan ter moito éxito e os veciños participan bastante. Supoño que se non fose por esas reunións que se fan durante o ano moita xente non se

burocracia. “É o que máis traballo me dá e nós non somos unha asociación cun ritmo excesivo ao longo do ano, pero sempre xorden problemas. Resolver o papeleo de xeito telemático ten a súa parte positiva porque non tes que ir alí, pero outras veces atópaste con problemas e non consegues facer trámites e terminaseche o prazo”. De cara á administración, piden un pouco máis de apoio e financiación para as asociacións pequenas como a súa.

“Moitas veces presentamos proxectos feitos por nós e poucas veces teñen éxito. Non reclamamos grandes cantidades de diñeiro, pero no Concello antes dábanche unha axuda para as xuntanzas e iso está tendendo a desaparecer porque teñen que ser actividades como cursos ou viaxes”. Precisamente, cursos de cociña ou ximnasia son algunhas das apostas que se organizan na parroquia da man do Goberno local, aínda que non todas se chegan a materializar pola falta de interesados.

“Pasa ás veces, non sei se por tradición ou cultura, a nosa parroquia non é moi participativa nese sentido. Vimos dunha época na que había máis gandaría que era do que se vivía e as persoas que están en idade de participar veñen mentalizadas no tema traballo e non están acostumados a dedicar ese tempo”. Dende o colectivo están convencidos de que cada núcleo funciona á súa maneira e “cada asociación temos o noso rol”, polo que en Santiago de Saa van seguir mantendo vivas as súas xuntanzas, que funcionan como punto de encontro para a veciñanza desta pequena parroquia de Lugo.

xuntaría, porque tamén acoden persoas dunha certa idade”. Ademais da súa función por manter a comunidade, colaboran coa concelleira mediando entre Concello ou ofrecéndose para facerlles chegar ao Goberno local algunha necesidade que poida ter a parroquia “como rozar pistas ou arranxar algunha fochanca, pero xeralmente faino o pedáneo”. Estar á fronte da asociación conleva tempo, xa que o presidente “exerce de representante ante as institucións e require máis dedicación”. Por iso, intentan intercambiar os papeis entre os seis membros da directiva. “Por exemplo, o que é presidente pasa a ser vocal e así deixa de ter que levar sempre a iniciativa”, explica Freitas.

BUROCRACIA. Para Javier o principal inconveniente é a excesiva

Reclaman iluminación na rotonda de Nadela e na N-540 á saída de Lugo

As asociacións veciñais da contorna de Nadela demandan máis iluminación na rotonda de Nadela. Así o trasladan os colectivos de San Xoán de Pena, Conturiz, Santa Comba ou San Mamede dos Ángeles que se puxeron en contacto coa Federación Lucus Augusti para trasladar a súa preocupación.

A falta de funcionamento da iluminación é preocupante, xa que se trata dunha rotonda na que conflúen moitas desviacións e ao tratarse dunha zona moi transitada, pola que pasan diariamente multitude de vehículos, o risco de accidentes debido á falta de iluminación incrementase, asegura.

Tamén denuncian falta de iluminación na estrada nacional N- 540

Lugo-Santiago á saída da cidade. Así o trasladan dende a Comisión Permanente da Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti tras as peticións recollidas polos colectivos das parroquias de Esperante, Lamas, Monte de Meda ou Calde. Segundo din, desde a rotonda que hai ao pasar o Hotel Santiago á saída da cidade en dirección cara Guntín, percorrendo a vella estrada nacional cara ás parroquias, non funciona a iluminación. “Estas luminarias que están a limitar un gran número de Naves Industriais non funcionan e non sabemos se é por un problema atribuíble ás luminarias ou se se tomou esa decisión para aforrar consumo”, expoñen.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

San Xoán de Alto

A igrexa, que foi amplamente reformada, conserva o retablo orixinal do século XVIII

A pouco máis de 9 quilómetros de Lugo atópase a parroquia de San Xoán de Alto, por onde pasa unha das últimas etapas do Camiño Primitivo dende a que é posible contemplar, polo menos dende a distancia, a cidade amurallada. Abelairas, A Costa, As Cavadas, A Xesta, Seoane e Vilaestévez conforman os núcleos desta pequena freguesía, na que destaca a nivel patrimonial a súa igrexa, visible a escasos metros dende a estrada, que mantén as súas orixes medievais e unha planta de estilo románico. Precisamente, a ruta xacobeana influíu moito no uso que se lle daba ao templo orixinal, que foi doado á Diocese de Lugo no ano 897 e funcionou como un convento familiar para atender aos peregrinos na seu camiño a Compostela. Sobre esta estrutura de mosteiro dúplice erixiuse a construción actual. Unha das súas singularidades é que o pórtico atópase separado da fachada da entrada á igrexa. Compóñeno oito columnas redondas con capiteis moi sinxelos e de escas ornamentación por seren de tipo dórico. Unha celosía cuadrangular cunha rosácea

preside a sinxela porta occidental. Xa no interior, a sancristía conta cunha planta rectangular e teitume de madeira, material que tamén cobra a nave. A capela maior está reforzada con contrafortes e presidida por un arco triunfal de medio punto sobre pilastras encastadas á parede e cuberta dunha bóveda de canón. Gran parte do valor artístico e patrimonial concéntrase no extraordinario retablo barroco do XVIII, dominado por un carácter rústico e colorido. As imaxes, que carecen de valor artístico e se manteñen en distintos estados de conservación en función da súa localización, e as columnas salomónicas compoñen o gran protagonista da igrexa, que ocupa todo o teitume da capela maior. Porén, chama especial atención un dos retablos menores, tamén de estilo barroco, situado no lateral dereito do altar. Esta peza e a súa polémica intervención conseguiron poñer a San Xoán do Alto no mapa, xa que no 2014 dous veciños do lugar decidiron rehabilitar a figura, que se perdera na última reforma e levaba dúas décadas esquecida.



Ademais de intentar recuperar as formas e os volumes da obra deteriorada, decidiron estudala e devolverlle a súa policromía, restauración que non foi ben recibida polo Bispado, pero que se mantén na actualidade. Xunto coa retirada do retablo, as obras realizadas no templo durante a década dos 90 tamén tiveron como resultado a perda de parte da historia do lugar, xa que coa remodelación desaparecieron os seus frescos. As pinturas murais encontrábanse no altar e no lateral que agora garda a obra restaurada, aínda que non se determinou ata o momento se formaban parte da construción inicial ou eran posteriores ao século XI.



Destínanse 591.796 euros ao proxecto de abastecemento de tres parroquias

A área de Cohesión Territorial e Transición Ecolóxica destina 591.796 euros a ampliar a rede municipal de augas e ao acondicionamento de varias vías na zona rural. Deste xeito, acometerá con cargo ao Plan Deputación 2024 tres proxectos de abastecemento e saneamento nas parroquias de Pías, Cimadevila e Saamasas. Ademais, a proposta do Concello destina máis de 330.000 euros a mellora do firme en diversos camiños e estradas da rede municipal. “O obxectivo é utilizar esta ferramenta orzamentaria que se canaliza a través da Deputación provincial para executar obras que temos

programadas, o que nos permite traballar de forma paralela noutros proxectos destinados a cubrir diferentes necesidades do noso rural”, sinalou a concelleira Ana González Abelleira. Así, a área de Cohesión Territorial prevé abordar a través desta canle o acondicionamento e mellora da estrada que comunica a N-VI coa estrada provincial LU-2902, traballo orzamentado en 120.800 euros. Outra das obras e que tamén ten carácter prioritario é a mellora da comunicación entre os núcleos de Barreiro, Faxilde e Cuiña, na parroquia de Saa, nos que se investirá 110.556 euros. Do mesmo xeito, con cargo a este

fondos, vaise arranxar o firme na vía que comunica Camiño do Souto con Garaballa de Abaixo, actuarase no núcleo de Calde e no Veral e Orbazai. Do mesmo xeito, en relación coa progresiva expansión da rede municipal de augas, executarán a segunda fase de abastecemento en Pías, traballos aos que se destinan 91.261 euros. Tamén se prevé acometer con cargo ao Plan provincial a fase tres deste servizo en Cimadevila, cun investimento de 62.275 euros. Pola súa banda, o núcleo de Saamasas contará con rede de saneamento cuxa execución está orzamentada en 102.671 euros.

FLORISTERÍA ROSE FLOR

¡Llegó la primavera!!!

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504 680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES Y PLANTAS A DOMICILIO

RECLAMACIÓN CIDADÁS

BONIFICACIÓN. A Asociación Lugo Monumental considera necesario aclarar que si se pode entrar aos estacionamentos sen ningún tipo de permiso previo, mellorar a sinalización e bonificar a estancia nos aparcadoiros municipais, como se fai nos privados. Denuncian o atraso das obras moito máis do anunciado, algo que prexudica gravemente a residentes, transeúntes e aos establecementos situados nas áreas afectadas directamente polas actuacións.



LEIRAPÁRKING. A Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti volve denunciar a situación do *Leirapárking* situado nas inmediacións do HULA. Fai un ano, denunciaban máis de 200 fochancas, pero na actualidade xa son máis de 250 fochancas contabilizadas, o que ocasiona graves danos nos vehículos que diariamente van ao HULA. O colectivo preguntase cando van arranxar as deficiencias e cando se vaia drenar o terreo.



DONA URRACA. A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa denuncia o estado "lamentable" do pavimento da rúa Dona Urraca. Deste xeito, solicitan á Concellería de Vías e Obras do Concello de Lugo que repare de forma urxente a rúa, "tendo en conta que por ela circulan diariamente un número moi considerable de vehículos, xa que conecta o barrio do Castiñeiro co barrio da Milagrosa e a Piringalla".



A MILAGROSA. A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa de Lugo trasladan as queixas veciñais con motivo da falta dun paso de peóns na intersección da avenida da Coruña coa rúa Río Narla no cruce que vai cara á avenida Reverendo José Fernández.

XARDÍNS. A Asociación de Veciños Centro de Lugo manifesta a súa vontade de que se fomenta a existencia de zonas axardinadas e a plantación de árbores nunha zona centro cun gran déficit neste eido. Piden a unión e colaboración das administracións e os partidos políticos neste obxectivo, que consideran prioritario para a cidade.

Deste xeito, aseguran que o desexo maioritario dos veciños é poder contar con zonas axardinadas no barrio centro da cidade, que xeren un espazo de tranquilidade, de gozo da biodiversidade, con sombras que mitiguen o impacto das vagas de calor e zonas con céspede que recollan a auga nos días de choiva intensa, circunstancias cada vez máis frecuentes por mor do cambio climático. Espazos agradables para a estancia, que contribúan a dispoñer dun turismo sostible e á vez dunha zona cómoda e agradable para residir e para investir, evitando así o despoboamento e a degradación do barrio.

As oficinas do SEPE da Residencia atenderán unhas 27.000 persoas

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, xunto ao delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco e a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, as novas oficinas do SEPE na cidade, situadas na antiga escola de Enfermería, no barrio da Residencia. Estas novas instalacións, que xa se atopan en funcionamento, integran os servizos que ofrecían as oficinas de Acea de Olga e o barrio Feijóo.

Alvarellos agradeceu ao Goberno Central a súa aposta decidida pola materialización destas novas instalacións mediante a cesión gratuíta dos terreos e un investimento de 1,2 millóns de euros que permitiu o acondicionamento do edificio e o traslado das dúas oficinas que ata o de agora prestaban os seus servizos nas rúas Río Cabe e Campos Novos. Coa posta en funcionamento destas novas instalacións "gaña toda a cidadanía lucense pero, especialmente, a veciñanza da Residencia, pois sen dúbida contribuirán a dinamizar esta zona e a impulsar a súa actividade diaria", asegurou a rexedora. Neste senso, lembrou "a implicación veciñal para demandar novos servizos para este barrio mediante a rehabilitación das instalacións que quedaron en desuso trala apertura do HULA no ano 2011, reivindicación compartida e apoiada polo Goberno local". Ademais, apuntou que "dende o Concello sempre tendemos a man para colaborar neste proxecto, dende intentar axilizar as licenzas para que fose o máis rápido posible, a xestión das acometidas de saneamento, abastecemento e electrificación... así como asumindo o mantemento da iluminación e das zonas



verdes que se xeraron no entorno". As novas dotacións non só incrementarán a comodidade do persoal, "senón tamén dos usuarios á hora de pedir información, asesoramento ou realizar as xestións oportunas relacionadas co mercado

laboral". Pola súa banda, o delegado do Goberno en Galicia destacou a funcionalidade das novas oficinas, que atenderán anualmente a máis de 27.000 lucenses, pasando por estas instalacións unha media de 100 persoas ao día.

Complétase o CIS coa unidade bucodental

O Centro Integral de Saúde de Lugo acollerá a posta en marcha da súa unidade de saúde bucodental coa que se completará o traslado dos servizos asistenciais que acollerá a nova infraestrutura sanitaria. Así o trasladou o conselleiro de Sanidade en funcións, Julio García Comesaña, na súa visita ás instalacións. O novo centro será a referencia da atención primaria lucense, ao integrar: centro de saúde, PAC, unidade de Saúde Mental e a base do 061. Unha actuación na que a Xunta investiu máis 16,5 millóns e aos que hai que engadir 1,2 mi-

llóns de euros en equipamento. O responsable do Servizo Galego de Saúde puxo en valor o cumprimento do calendario establecido para o traslado do PAC e das consultas procedentes do centro de saúde A Milagrosa, do saúde Praza de Ferrol -Saúde Mental-; e das de fisioterapia -procedente dos centros de saúde de Fingoi, Praza de Ferrol e Milagrosa-.

Así mesmo, anunciou tamén que a Sergas vén de adjudicar os novos equipos de Radioterapia cos que contará o CIS de Lugo, e que se instalarán proximamente.

A Deputación e o Concello dotarán de cancelas e equipamento á Protectora

Paula Alvarellos, e o presidente da Deputación, José Tomé, reafirmaron o compromiso de ambas Administracións para continuar apoiando o labor da Protectora á que lle reiteraron a dotación de material mentres non se constrúan as novas instalacións. A proposta, realizada xa o pasado mes de febreiro, pasaría porque a asociación facilite a relación de equipamentos que se precisan con maior urxencia para atender as necesidades actuais así como o seu custo estimado co fin de poder formalizar a colaboración.

"O compromiso do Concello co benestar animal é máximo e así se

demonstra no feito de que as e os lucenses, a través da Institución local, levan achegado máis dun millón de euros nos últimos cinco anos para garantir a supervivencia desta prestación que, porén, é de ámbito supramunicipal, de aí o exceso de exemplares que acolle", sinalou a rexedora.

De xeito paralelo á concesión destas, o Concello impulsou a construción dun novo refuxio que permitiría rehabilitar o vello matadoiro de Nabela, recuperando unha edificación en desuso, capacitada, polas súas dimensións, para acoller en torno a 200 animais en condicións óptimas

de estancia. O proxecto, que sacarán a licitación nos vindeiros meses, supón "a solución máis viable e rápida para mellorar dun xeito definitivo o servizo, ao dispor xa do inmovible e dun anteprojecto previo".

Ademais, dende os dous organismos comprométese a adquirir as cancelas ou os equipos que urxe incorporar á Protectora en prol do coidado dos animais. Pola súa parte, o presidente da Deputación, José Tomé Roca, incidiu en que a institución aportou dende que el é mandatario provincial un total de 200.000 euros á Protecora, á que lle ten cedido gratuitamente os terreos.

Eliminarán as terrazas en zonas de carga e descarga e aparcadoiros

Os locais de hostalaría dispoñen dun mes para quitar ou regularizar as súas terrazas. Así o marca o Boletín Oficial da Provincia (BOP) que publicou o bando municipal sobre o funcionamento destas instalacións.

Neste período, os titulares dos establecementos deben retirar as terrazas instaladas en zonas de estacionamento, zonas de carga e descarga así como levantar o material que teñen apilado e en desuso nas proximidades do local. No caso de que estean interesados en obter a autorización correspondente para contar cunha terraza na vía pública, poden solicitarla, deixando un paso peonil de como mínimo 1,80 metros, respectándose un itinerario de forma continua.

As terrazas poderán colocarse pegadas ás fachadas, sen superar a lonxitude do establecemento, ou na liña de bordo da beirarrúa, neste caso a súa lonxitude poderá alcanzar o da fronte de fachada do edificio propio e dos lindantes. Tamén se permitirán a colocación simultánea dunha terraza xunto á fachada e outra na liña de bordo no mesmo tramo de beirarrúa, sempre que se deixen libres



1,80 metros. Con carácter excepcional, poderán estar separada do local ata un máximo de 40 metros, dende a porta do local ata o inicio da terraza. Unha vez rematado os 30 días para regularizar as terrazas, o Concello iniciará un dispositivo inspector e sancionador de comprobación da eficacia do bando.

de Fontao". A rexedora situou como "próximo" o comezo da intervención do ente ferroviario ao tempo que tamén avanzou que nos primeiros meses "todo parece indicar que será posible a conciliación destes labores coa per-

Destinan terreo municipal para aparcas polas obras da Intermodal

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, supervisou a configuración que ofrecen varias parcelas sitas na contorna da Estación do Ferrocarril nas que o Concello estuda actuar para habilitar un aparcadoiro temporal cara o inminente inicio das obras de construción da nova Intermodal. O obxectivo da visita foi avaliar as posibilidades que teñen estes terreos, duns 950 metros cadrados de superficie, para paliar "o déficit de prazas de estacionamento que se producirá de forma circunstancial mentres o Adif execute os traballos e para os que será chegará un momento no que sexa preciso pechar o actual aparcamento do que dispón en Con-



manencia da flota de vehículos de Correos, principal usuario deste espazo, no mesmo recinto". A estación Intermodal non só "está chamada a mellorar as comunicacións da nosa cidade, senón que contribuirán á transformación urbanística da zona".

de Fontao". A rexedora situou como "próximo" o comezo da intervención do ente ferroviario ao tempo que tamén avanzou que nos primeiros meses "todo parece indicar que será posible a conciliación destes labores coa per-



O auditorio de Magoi abrírase ao público tras investir 310.000 euros

O equipo de Goberno visitou as instalacións do auditorio de Magoi para abordar os pormenores da xestión da dotación fronte a súa posta ao dispor da veciñanza. "Trátase dun obxectivo complexo cuxo logro implicou un enorme traballo por parte dos distintos servizos municipais e un considerable investimento municipal para solucionar as máis de 200 deficiencias", sinalou a rexedora.

Superada en gran medida esta fase, están a definir distintos aspectos relacionados coa administración, programación e mantemento do complexo na que é necesario "que varias áreas municipais traballen de forma coordinada". Pola súa parte, Rubén Arroxo, valorou o traballo que se esta a realizar polas distintas áreas do Concello para lograr que esta dotación entre en funcionamento.

A apertura do novo auditorio de Magoi será posible tras un investimento municipal que supera os 310.000 euros. Entre as intervencións realizadas deuse solución tanto ás patoloxías estruturais exteriores como ás interiores que afectaban ao inmovible. Entre elas atopábanse múltiples danos ocasionados por filtracións nas fachadas, estruturas, carpinte-

ría, revestimentos interiores e pavimentos, e que veñen derivadas de defectos construtivos e da falta de mantemento, por parte da Xunta de Galicia, desde que finalizou a execución da obra, en 2016, ata que foi entregado á Administración local.

As actuacións comprenderon, así mesmo, a impermeabilización dos respiradoiros e o desatascos dos sumidoiros, canos e baixantes; atallouse a corrosión derivada dos defectos que presentan as xuntas de dilatación e arranxáronse, entre outros, as comportas de saídas de fumes que provocaban pingueiras nos escenarios.

VALLA. O PP propón retirar a valla perimetral do auditorio de Magoi unha vez que o Goberno local recoñece que non está listo para abrir. "Mentres non podemos desfrutar do seu interior pedimos que se abra todo o espazo que rodea o recinto do auditorio para que os lucenses gañen zonas para uso público", explica a concelleira Silvia Colmenero. Tamén reclamou información sobre si ten o Concello rexistradas as instalacións afectadas por regulamentos de seguridade industrial.



NOEL LÓPEZ PINÍN
• NUTRICIÓN •

MEJORA TU ALIMENTACION
Y RECUPERA TU SALUD

AHORA TAMBIÉN EN
VILALBA, TODOS LOS JUEVES
EN DOS SANTOS ESTILISTAS.

C/ Armanjá 5, bajo - Lugo 27001 • Tels.: 982 580 322 / 637 310 437
facebook: Noel López Pinín - Nutrición - Instagram: @noelnutricion
www.dietistanoel.com



HERBÓN
DESQUACES

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018
herbondesguaces@gmail.com / www.desguacesherbon.com



INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras. Rúa Fontán Rodríguez,
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951

O BNG reclama á Xunta que dea uso ao antigo edificio de Aspnaís

O concelleiro do BNG Alexandre Penas defendeu no Pleno unha proposición para que a Xunta de Galicia poña en funcionamento o antigo edificio de Aspnaís, localizado na Rampla de Claudio López. O estado deste edificio é “un exemplo da relación da Xunta con Lugo, o abandono total tanto da cidade como destas instalacións que están chamadas a ter un importante peso na prestación de servizos socio-sanitarios”, asegura.

Aspnaís trasladou a súa sede no ano 2020, deixando este edificio sen actividades. O edificio, titularidade da Xunta de Galicia, actualmente atópase baleiro, deteriorándose debido á ausencia de actividade. Nos últimos 4 anos, o Goberno autonómico anunciou varios proxectos para executar nestas instalacións, dende albergar unha residencia para a terceira

idade ata a cesión a colectivos sociais. “Pasaron xa 4 anos e vemos como a Xunta só fixo anuncios, pero ningunha destas propostas se volveu realidade”, afirma o portavoz do BNG, que engade que Lugo e a súa contorna “teñen unha gran necesidade de servizos socio-sanitarios públicos, e a Xunta ten abandonada unha instalación que podería acollelos”.

O 17 de novembro de 2020, a Xunta anunciou unha cesión dese edificio a Afalu e Alume, onde se aseguraba que con esta cesión se crearía unha residencia asistencial e un centro de día para persoas con alzhéimer, ademais dun centro de rehabilitación psicossocial e laboral, unha unidade de atención temperá, outra para a atención de trastornos de personalidade e un obradoiro de xardiñaría.



O PP reclama actuacións en zonas deterioradas

O PP alerta do deterioro do parque infantil López Mella “tras 15 meses pechado porque non se cubre a vacante do encargado que se xubilou en 2022”. Os populares solicitaron unha visita para comprobar a situación na que está esta infraestrutura xa que defenden como a simple vista se pode comprobar como moito do material que está no exterior está en mal estado Segundo a formación política, o único paso que se deu foi abrir o prazo para cubrir esa vacante e dende que finalizou, o pasado 13 de novembro, pasaron catro meses e non houbo avances e as instalacións seguen pechadas e deteriorándose por falta de mantemento. Ante esta situación, insisten na posta en marcha desta instalación e tamén saber cando pensan reanudar a programación do parque “xa que todo apunta a que este curso tampouco haberá clases de educación vial”.

FONTIÑAS. Piden unha solución aos problemas de inundacións do bulevar da avenida Fontiñas, onde a auga

apoxa e dificulta o paseo dos peóns por esta zona. Tamén se solicitan traballos de limpeza dun vertedoiro incontrolado nun solar que hai na rúa Barbeito no polígono das Gándaras e adecentar un solar municipal que hai na Croa.

SINALIZACIÓN. Os populares explican a necesidade de sinalizar e pintar as prazas que existen no casco urbano nas que a cor azul que as identifica é inexistente e están practicamente borradas.

Segundo a formación política, “a xustificación que pon o Goberno local de que agarda a que lle envíen imaxes dos puntos onde actuar para poñerse a traballar está fóra de lugar xa que o seu traballo é estar na rúa, anticiparse aos problemas e tomar medidas que redunden no beneficio da cidadanía”. O PP tamén anuncia que pedirá que se habiliten novas prazas para persoas con mobilidade reducida e, en concreto, solicitaron crear unha na rúa da Saúde na contorna da tenda de ortopedia.

Reasfaltan o Camiño das Lagoas, o Carril das Hortas e a Campiña

O tenente alcalde, Rubén Arroso, visitou o Carril das Hortas, onde se renovou o a capa de rodadura con asfalto en quente para continuar atendendo que “ás reclamacións veciñais e mellorando as vías de toda a cidade, tanto en zonas urbanas como periurbanas”. O Goberno de Lugo actuou tamén na Campiña e no Camiño das Lagoas, dando continuidade ao esforzo que a concellería de Infraestruturas realizou nos últimos anos para atender ás distintas zonas periurbanas de Lugo.

“Zonas como a Campiña recibiron nestes anos unha serie de investimentos importantes que melloraron enormemente a calidade de vida da veciñanza, con actuacións tanto nas rúas e beirarrúas como renovando o alumbeado público”. A solución executada pola Concellería de Infraestruturas no Carril das Hortas consiste



na creación dunha nova baseada en mestura asfáltica en quente, o que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, garantindo que a intervención sexa duradeira.

Unha vez rematado o asfaltado, renovarase a sinalización horizontal. Na Campiña e no Camiño das Lagoas aplicouse saburra, o que

permitirá garantir a uniformidade en todo o vial. Desde a Tenencia de Alcaldía animase á veciñanza de Lugo a facer chegar as súas solicitudes ao Concello. Rubén Arroso destacou que esta información, “xunto coas visitas que realizamos periodicamente aos barrios, permítenos planificar mellor as prioridades e o traballo a realizar”.



Begasa inviste 3 millóns de euros na ampliación das súas instalacións

Begasa, a distribuidora de EDP Redes na provincia de Lugo, continúa apostando pola mellora da calidade da subministración eléctrica en Galicia a través do investimento de 3 millóns de euros na ampliación das súas instalacións no parque empresarial de As Gándaras. Deste xeito, construírá un centro auxiliar nunha segunda parcela na denominada fase I do mesmo polígono onde se atopa a súa sede principal na provincia. Consta de 4.378 metros cadrados e ten unha edificabilidade de 6.567 metros cadrados.

Nela xa se está construíndo un novo edificio de 2.390 metros cadrados que albergará un centro especializado de formación e adestramento para a actividade propia do grupo EDP Redes. O obxectivo do centro será a formación integral en distribución, desde os traballos en altura

para o tendido de liñas eléctricas á montaxe do equipamento eléctrico de alta e media tensión, con especial foco na seguridade e a prevención de riscos.

A experiencia e alta cualificación dos traballadores de EDP Redes, xunto a unhas instalacións e un equipo tecnolóxico de última xeración, farán deste novo equipamento un referente na formación dun perfil profesional clave para a transición enerxética, como son os profesionais especializados en operación e mantemento de redes de distribución e transporte eléctrico. O novo edificio estará terminado a finais deste ano e acollerá, ademais, oficinas administrativas e dependencias auxiliares, como arquivos e vestiarios de persoal. Permitirá dispoñer dun espazo para almacenaxe de material eléctrico.

Os nacionalistas reactivan o Lugo Quere Tren para mellorar os servizos ferroviarios

O portavoz do BNG, Rubén Arroso, anunciou que retomarán as actividades da plataforma Lugo Quere Tren ante o “desastre na execución das melloras dos servizos ferroviarios de Lugo”. Arroso afirmou que as melloras nas infraestruturas estanse executando grazas aos distintos acordos de investidura que conseguiu o BNG en Madrid, “mais agora estamos vendo como a mellora nos viais non se está a acompañar con melloras nos servizos”.

A formación critica que a cidade continúe con menos servizos que antes da pandemia, cando se eliminaron servizos como o tren nocturno de Lugo a Barcelona. Este martes, RENFE deixou de vender billetes para a conexión diúrna entre Lugo e Barcelona, dado que a conexión necesaria en Monforte sae ás 9.52 da mañá, pero o tren de Lugo a Monforte chega ás 9.54. A viaxe entre Lugo e León, uns 200 quilómetros de vía, elimínouse, facendo que a propia web de RENFE propoña facer transbordo en Madrid, converténdoa nunha viaxe de 800 quilómetros, e eliminando as conexións con Cataluña e Euskadi. Sobre as conexións dentro da comunidade, Lugo é a única cidade que non ten conexión directa por tren coa capital do país, un agravio que se resolvería cunha obra de 27 quilómetros de vía para conectar as paradas de Curtis e Ordes creando unha traxecto directo desde Lugo a Compostela.

Un novo incendio pon en xaque aos industriais do Ceao

Efectivos dos servizos de emerxencia achegáronse ata un novo incendio rexistrado o martes 26 de marzo na nave de Desguaces Sidegal, no polígono do Ceao. Sinálase o cuarto de residuos como punto onde se orixinou o suceso, no que resultaron dúas persoas feridas que se atopaban no interior das instalacións, que foron atendidas por queimaduras e inhalación de fume no HULA.

Segundo apuntan, un estaba ferido leve, polo que xa recibiu o alta na mesma xornada, mentres que as lesións doutra das traballadoras parecían de maior gravidade, polo que foi trasladada á Unidade de Queimados do CHUAC. Os lumes, que comezaron pasadas ás 9.35 da mañá, afectaron notablemente á fachada da nave, a un elevador de vehículos, ao turismo que contiña e ás oficinas administrativas sitas na planta superior ata onde se propagaron as chamas.

Ás 11.15 horas, a Xunta de Galicia xa activara o nivel 1 do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (PLATERGA) e ao lugar dos feitos desprazáronse servizos sanitarios, axentes da policía local e bombeiros dos parques de Lugo, Sarria e Vilalba.

Traballaron durante horas preto de 20 bombeiros, así como diversos vehículos de extinción asociados a estes



equipos. As chamas tamén afectaron a Frigoríficos Alfonso, a nave próxima, que xa tivo que cambiar a súa localización despois do incendio que a danou no 2021. Segundo apuntan dende o Concello, non existía perigo de que o lume se estendera ás naves lindeiras, como tampouco se detectaba risco estrutural. Durante o operativo, mantiveron cortado o paso de vehículos e peóns na rúa do Vidro, onde está a nave.

Ademais, tamén se encargaron de desalojar as naves colindantes e aos traballadores que se acumulaban nas inmediacións á espera de que os servizos de emerxencia completaran os seus labores.

Este é o segundo incendio recente no polígono, xa que o outro tivo lugar en Castro Parga e afectou ás naves dos

arredores.

“O traballo dos bombeiros do parque de Lugo foi exemplar. A celeridade coa que articularon o dispositivo, en colaboración coa Policía Local e Nacional, permitiulles actuar con eficacia dispoñendo de medios materiais e hídricos suficientes, para evitar que as lapas alcanzasen as naves lindeiras”, sinalou a rexedora. O PP, pola súa banda, esixe ao Goberno local solucionar os problemas na rede de auga do Ceao e urxe a que actúe tras “tres anos de inacción”. Para o grupo municipal é “o momento de marcar prioridades” e lembra que se presentaron ata tres iniciativas nos últimos meses, reclamando que se impulsara o cambio das tubaxes obtendo por resposta a negativa de socialistas e nacionalistas.

Melloran o alumeado en Salvador de Madariaga e Pintor Corredoira

O tenente alcalde do Concello de Lugo deu conta dos traballos realizados nos últimos meses dentro do plan de renovación do alumeado público de Lugo. Arroxo explicou que seguen traballando en distintas zonas da cidade “para garantir un alumeado público eficiente enerxéticamente e que garanta que non haxa zonas escuras nas rúas”. Actualmente, estase a traballar nas rúas Salvador de Madariaga e Pintor Corredoira, substituíndo as luminarias antigas por LEDs. Arroxo lembrou que no ano 2023, a Tenencia de Alcaldía actuou en 82 rúas nas que se actualizaron as luminarias, instalando máis de 1291 puntos de luz LED. “Seguimos traballando en distintas zonas para avanzar nunha actualización importante que permite reducir a pegada de carbono de Lugo, colaborando desde o noso concello na loita contra o cambio climático”, afirmou.

Dende a chegada ao Goberno de Lugo traballaron continuamente “na redución do gasto público ao tempo que a veciñanza de Lugo pode desfrutar dun alumeado



eficiente”. A Concellería de Infraestruturas investiu, nos últimos anos, máis de 3 millóns de euros na renovación do alumeado público. Os criterios utilizados son a recuperación das luminarias existentes adaptándoas ás novas tecnoloxías, reducir os residuos xerados e os custos de implantación e a renovación do resto de elementos que conforman a rede de alumeado, como caixas, condutores ou fusibles facendo así que diminúan as avarías e as molestias á veciñanza.

RECATELO. Os veciños do barrio de Recatelo trasladan a preocupación pola insuficiente iluminación que teñen na zona en rúas como Cidade de Viveiro, Isaac Pardo, Vila de Sarria e Avelino Pouso Antelo. O colectivo solicita á Concellería de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo que se dote ao barrio de Recatelo de máis iluminación e que sexa intensa, moderna e non contaminante. Así mesmo, solicitan que nos orzamentos de 2024 se contemple unha iluminación adecuada para a zona.



O PP propón 150 prazas de aparcadoiro público de camiións nas Gándaras

O PP propón un aparcadoiro público seguro para 150 camiións no polígono das Gándaras. Os populares presentaron aos representantes das asociacións de transportistas e aos empresarios das Gándaras esta iniciativa que supón habilitar un área de estacionamento con peche perimetral e protexida con servizos destinados aos camioneiros e camioneiras profesionais.

Esta instalación formaríase parte dunha rede autonómica e ten por obxectivo “mellorar a seguridade e as condicións laborais dos transportistas cun matiz innovador que é atraer a máis mulleres ao sector do transporte, tradicionalmente masculinizado”. Os populares explican que para que esta dotación sexa unha realidade é preciso impulsar un convenio de colaboración entre o Concello, Deputación, Asociacións de Transportistas (Tradime e Aetram), Asociación de Empresarios de As Gándaras o Ceao e a Xunta.

Segundo trasladan, o Concello tería que ceder unha parte do uso dunha parcela de titularidade municipal de 20.000 metros que está situada no corazón do polígono e que na actualidade ten sinalizadas 800 prazas para vehículos. Mediante o acondicionando unha parte desta área,

concretamente de preto do 50 % da parcela, poderían crearse 150 prazas de estacionamento seguro para camiións. A instalación tería un peche perimetral, dispositivos de seguridade, iluminación e con vestiarios e aseos separadas para homes e mulleres.

PLAN PARADAI. O PP defendeu unha proposición para “que tanto Concello como CHMS axilicen os trámites de licitación e de execución” do Plan Paradai. Os populares lamentan os anos que perdeu o Concello para avanzar neste proxecto tal e como se confirma coas diferentes adendas que se publicaron, que dan continuidade a outras anteriores con data de maio de 2021 e de decembro de 2022.

A voceira popular Elena Candia asegura que ao impulsar este proxecto evitaríanse “novas adendas ao convenio que o único que suporían son novos retrasos nunha obra necesaria para o barrio e para a cidade”. Ademais, para Candia a aprobación na xunta de Goberno local do proxecto da glorietta de Serra de Meira “desmonta as mentiras do Goberno local e certifica que era o Concello quen bloqueaba, de forma sistemática, o Plan Paradai”.

Destínanse máis de 450.000 euros para as obras de mellora e conservación da Muralla

A voceira do Grupo Popular Elena Candia e o concelleiro Agustín Gallego visitaron xunto con representantes da Xunta os cubos onde se van a levar a cabo traballos de restauración e conservación, un labor ao que Administración autonómica destina máis de 450.000 euros. Trátase do cubo XVIII e do lenzo do cubo LXXI cuxa acta de recepción.

As melloras desta intervención, que forman parte do Plan de conservación e xestión da Muralla, tamén inclúen e revisión do pavimento, a reposición das luminarias así como a

limpeza a man da vexetación, tanto do adarve como da parte exterior do monumento. O prazo de execución desta intervención son de 12 meses. O grupo municipal explica que valorar e coidar o noso patrimonio é “esencial para preservar a identidade da historia de Lugo”, facendo un chamamento á cidadanía para manter en bo estado a Muralla. “Temos o privilexio de contar cun monumento recoñecido pola Unesco como patrimonio da humanidade e polo tanto é responsabilidade de todos os lugocenses contribuír no seu coidado”.



Vehículos eléctricos na recollida de lixo con mantementos abaratados

O servizo de recollida de lixo e limpeza viaria de Lugo estrea unha nova frota de vehículos. Trátase dunha completa e especializada maquinaria que incorpora tecnoloxía punteira para labores específicos e que funciona principalmente con fontes de enerxía alternativas.

“A nosa aposta pola redución de emisións, a redución da contaminación acústica e a vangarda tecnolóxica tradúcese nun incremento da calidade de vida da veciñanza e nunha optimización do funcionamento do servizo, o que nos permite ter unha cidade máis limpa e realizar este labor en menos tempo”, sinalou a rexedora, Paula Alvarellos.

Unha das principais vantaxes dos vehículos eléctricos fronte aos vehículos de combustión é que estes teñen cero emisións de residuos contaminantes e de gases de efecto invernadoiro, algo que incide de maneira moi positiva no medio ambiente.

Por outra banda, o vehículo eléctrico devólvelle enerxía ao sistema, de

maneira que esta enerxía utilízase para cargar as baterías. Ademais, os vehículos están equipados con motor de GNC, que é moito máis duradeiro que un motor de combustible, xa que o seu funcionamento non necesita tantas revolucións e xeran menos vibracións acústicas e menos residuos. “Ao ter un menor consumo de combustible provoca que teñamos un menor consumo enerxético. Os vehículos a GNC emiten menos gases contaminantes a través do escape, co que o vehículo sofre unha menor deterioración.

Nos últimos meses sumáronse a esta maquinaria de traballo doce triciclos eléctricos eTRIKE BKL, oito Furgonetas Toyota Proace Active 100% eléctricas, Tres Furgóns 100% eléctricos, un vehículo híbrido destinado a tarefas de supervisión e organización do servizo, un camión con gancho e sistema ampli-roll a GNC, dous camións de caixa aberta con guindastre e un deles con basculante, entre outros.

A CoGaVe reclama a fin “do monopolio da ITV”

A Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro-CoGaVe manifestou a súa preocupación ante a pervivencia, na Comunidade Autónoma, “dun dos monopolios que con máis intensidade grava e afecta directamente aos veciños e veciñas, a ITV”.

A asociación estima que pasan aproximadamente entre 1.119.456 vehículos e 1.399.320 vehículos no total das 23 estacións galegas.

“Tendo en conta que o beneficio neto de cada estación ronda o 50% dos seus ingresos, atopámonos con cifras tan astronómicas como as que, en efecto, declara a propia Applus -proprietaria do 100% das ITV de Galicia

trala compra, no ano 2017, da empresa Supervisión y Control, adxudicataria por concurso público, desde 1987, de dito servizo-. Cifras de beneficios, que segundo a propia Applus, no ano 2022 rondou os 48,6 millóns de euros”, afirman.

Cualifican estes resultados de totalmente desproporcionados -e con maior intensidade, tendo en conta a situación económica actual para a inmensa maioría dos veciños e veciñas-, manifestamos o noso profundo rexeitamento á supervivencia dos monopolios, na mesma liña que solicita tamén a propia Comisión Europea”, conclúen.

O Concello lugués esíxelle á Xunta maior orzamento para o SAF

A área socialista levou ao Pleno unha proposición na que reclama ao Goberno autonómico incrementar a achega económica que realiza para asumir o custo orzamentario do Servizo de Axuda no Fogar, atendendo á demanda existente e cumprindo así coas competencias que lle son propias e exclusivas. “A realidade social de Galicia pero moi especialmente a de Lugo, con máis do 23 % de persoas maiores de 65 anos, cunha taxa de dependencia da poboación maior de 64 anos na provincia de Lugo de 47’71 e cun índice de envellecemento do 269’05, abala a necesidade de apostar por un sistema público, áxil e eficiente que dea solución efectiva aos coidados derivados da dependencia”, sinalou ao respecto a edil de Benestar Social e Maiores, Olga López Racamonde.

A iniciativa socialista recorda que a achega do Goberno de España para dependencia amosa nos tres últimos anos un incremento acumulado de 3.792,5 millóns de euros, o que supón recuperar o 94 % dos recortes realizados polo goberno de Mariano Rajoy no ano 2012, tras a aprobación do RDL 20/2012. “Sen embargo o incremento orzamentario do Goberno central tivo un efecto perverso nalgúns gobernos autonómicos, como o galego, que aproveitou esta suba para reducir os presupostos propios en lugar de utilizar o aumento para atender ás persoas en situación de dependencia que se atopan nas listas de espera ou mellorar a calidade das atencións, incrementando as contías das prestacións económicas

ou mellorando a intensidade e compatibilidade dos servizos”, lamentou a concelleira.

Deste xeito, o grupo socialista sinala no seu texto, que un dos servizos fundamentais para a abordaxe da dependencia é o Servizo de Axuda no Fogar que, a tenor da evolución económica dos últimos anos, ten un incremento orzamentario que non se corresponde coas actualizacións realizadas polo Goberno

da Xunta de Galicia. Neste sentido, o Concello de Lugo ven de licitar o novo contrato do SAF, no que investirá 33,9 millóns nos próximos 5 anos. “Fronte a falta de compromiso que o Goberno autonómico evidencia nesta materia da súa competencia exclusiva, apostamos por realizar esta enorme mobilización de recursos municipais para garantir a atención adecuada a este colectivo”, afirmou.

Licítase o novo contrato

Licítase o novo contrato de Axuda no fogar, no que se investirá case 34 millóns de euros nos próximos 5 anos. O novo contrato, cuxo orzamento base de licitación ascende a 11.755.936,30 euros, sae a contratación por un período de 2 anos coa posibilidade de prorrogalo ata un máximo de cinco. Ademais nas bases xa se contempla un posible incremento do 20 % pola fluctuación dos prezos, o que supón que o valor máximo do contrato supoñerá un investimento de 33,911.354 millóns de euros.

O Concello esixe ás empresas concursantes presentar un anexo que desagregación no prezo presentado por hora. Así, evitamos baixas temerarias, garantimos a correcta atención das persoas maiores e asegurámonos que os traballadores e traballadoras desempeñen o seu labor nunhas condicións dignas. Por outra parte, incrementase

o persoal técnico xa que aspiramos a contar cun axudante de coordinación do SAF, o que sen dúbida repercutirá de forma positiva, xa non só no servizo prestado, senón á hora de valorar as necesidades das persoas usuarias.

Ademais, como novidade inclúese unha bolsa económica que cubra servizos de transporte adaptado para realizar acompañamentos a xestións e consultas médicas. Entre as melloras que xa foron valoradas no actual contrato se manteñen todas, entre as que se inclúe un servizo de fisioterapia a domicilio, podoloxía en casa ou acompañamento na realización de xestións e consultas médicas. Así mesmo valorárase a achega de material especializado que, unha vez concluído o contrato, pasará a ser de titularidade municipal, como grúas de mobilización persoal, camas articuladas e colchóns xeriátricos.

Os locais do CEI-Nodus cederanse durante un máximo de 3 anos

A limitación a unha única autorización de uso dun local por parte dun mesmo solicitante ou a cesión dos locais segundo unha vixencia temporal son algunhas das novas normas reguladoras das autorizacións de uso e acceso aos locais do viveiro do CEI-Nodus.

Deste xeito, un mesmo solicitante só terá dereito a un local, a partires da data de aprobación desta nova normativa reguladora, co fin de facilitar o acceso aos espazos a unha maior cantidade de emprendedores. Ademais, os espazos cederanse durante doce meses, prorrogables por iguais períodos, ata un máximo de trinta e seis meses.

“Actualmente todos os espazos e despachos atópanse ocupados, o



que dá boa mostra do interese destas instalacións e servizos para os emprendedores e emprendedoras lucenses”, explicou Repetto, quen convidou ás e aos interesados a enviar a súa solicitude que será avaliada no momento en que queden locais dispoñibles. O Centro púxose

en marcha en novembro de 2004. Conta con 23 espazos para o desenvolvemento da súa actividade por empresas de nova creación, 5 talleres, 2 laboratorios e 16 locais. Tamén conta cun espazo dividido en 5 compartimentos para Semilleiro e un espazo Coworking.

DEPUTACIÓN

O organismo investirá 3 millóns de euros na roza da rede de estradas da provincia

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou un investimento de máis de 3 millóns de euros para acometer as tarefas de roza dos 4.217 quilómetros de estradas provinciais. Así o anunciou a Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, quen detallou que a licitación do contrato para a prestación do servizo terá unha duración de dous anos, prorrogables por outro.

García Porto subliñou que “a rede viaria da Deputación de Lugo é a máis extensa de toda España e para o seu acondicionamento e mellora destinamos moitos recursos económicos”, lembrando que neste ano 2024 están consignados 20 millóns de euros nos Orzamentos para as estradas provinciais, o que supón un incremento dun 42% no último mandato. Uns recursos destinados a tarefas de mellora, de desbroce, de conservación e de mantemento das vías. Detallou a Deputada que o contrato para os desbroces cuxa licitación aprobou este venres a Xunta de Goberno está dividido en 24 lotes, correspondentes ás distintas zonas xeográficas da provincia, “para facilitar o desenvolvemento máis áxil e eficiente dos traballos”, engadindo que se trata dunha “tarefa fundamental” coa que a Deputación de Lugo “mellorará a seguridade viaria e a comodidade dos condutores, ademais de favorecer a prevención dos incendios”.

O Plan Deputación repartirá 25 millóns de euros nos 67 concellos

O Pleno da Deputación aprobou por unanimidade a relación de actuacións e proxectos que os 67 concellos propuxeron para executar con cargo ao Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2024, que nesta anualidade conta con 21,75 millóns de euros. Deste xeito, o Goberno provincial sacou adiante a súa proposta a favor deste programa de investimentos, que inxecta en total máis de 25 millóns de euros de fondos públicos no tecido socioeconómico da provincia, tendo en conta as achegas dos concellos, que superan os 2,5 millóns.

Destacou o presidente da Deputación, José Tomé Roca, que é o cuarto ano consecutivo que esta ferramenta se aproba no primeiro trimestre do ano, permitindo así aos concellos “planificar as súas accións, traballar con máis previsión, aproveitar mellor os recursos e dar unha resposta máis áxil aos veciños e veciñas”. Tamén animou á Xunta de Galicia a poñer en marcha “unha ferramenta similar” para “garantir a equidade” no reparto dos fondos públicos e “evitar usos partidistas” dos mesmos.

A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, explicou que con este instrumento de cooperación a Deputación garante a distribución dos recursos públicos entre os 67 concellos da provincia “con criterios públicos e obxectivos”, e que os concellos presentaron as súas propostas para investir estes fondos da institución provincial aos diferentes programas: investimentos; Servizo de Axuda no Fogar (SAF); reforzo



do emprego; actividades culturais; actividades deportivas; actuacións e eventos turísticos; feiras e mercados; administración electrónica e protección de datos; e protección civil.

Nas peticións das entidades locais teñen prioridade os investimentos, aos que deciden dedicar preto de 17 millóns de euros -case o 70% do total dos fondos-, para acometer 331 obras e subministracións; seguido da creación de emprego, á que destinan 3,7 millóns cos que crearán 301 postos de traballo; e do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), para o que os concellos de menos de 20.000 habitantes reciben 3 millóns para atender a unhas 2.000 persoas.

ORZAMENTO. Tamén se lle deu o visto bo a unha modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para este ano 2024, mediante Transferencia de Crédito e Suplemento de Crédito, precisamente para poder materializar o Plan Deputación. A deputada de Economía, Recadación e Facenda, Carmela López, detallou

que coa Transferencia de Crédito, se modifican as partidas orzamentarias que estaban consignadas inicialmente no Presuposto para adaptalas ás necesidades manifestadas polos concellos. E, por outra banda, co Suplemento de Crédito, incorpóranse aos Orzamentos algo máis de 10 millóns de euros con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, o que permite que a dotación económica do Plan Deputación deste ano alcance os 21,75 millóns.

Así mesmo, acordouse a incorporación de 4,3 millóns de euros de remanentes ao Orzamento deste ano 2024 para “seguir reforzando a cooperación da Deputación cos concellos, e o apoio ao tecido social e económico da nosa provincia, para que poidan manter ou impulsar novas accións que contribúan a mellorar a calidade de vida e o benestar dos veciños e veciñas, así como á dinamización da actividade económica e do emprego, nun contexto que continúa sendo complicado para a cidadanía”, detallou López.

O Goberno provincial aproba as liñas de axuda ao tecido cultural de base e asociativo

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo aproba cun orzamento de 380.000 euros as bases para a convocatoria de axudas para o tecido cultural de base. A Xunta de Goberno aceptou o procedemento que permitirá as entidades culturais desenvolver actividades culturais e mellorar os locais.

Trátase de dúas liñas de axuda, unha destinada á organización de actividades de promoción e dinamización cultural, cun importe de 255.000 euros, e outra dirixida a financiar investimentos en instalacións e equipamento nos seus locais sociais, de 125.000 euros.

A deputada de Cultura Iria Castro destacou que “este ano mantemos o orzamento da última edición, o que permitirá continuar reforzando o apoio ás asociacións culturais de base, na súa maioría colectivos pequenos que se sosteñen grazas á implicación desinteresada de persoas preocupadas pola cultural, pola lingua e o patrimonio e que cumpren un papel fundamental para garantir o acceso á actividade cultural en todo o territorio”.

Sinalou tamén a importancia destes investimentos que permiten que “os colectivos do rural programen actividades e impulsen tamén estudos, investigacións e iniciativas de posta en valor do patrimonio local”.

As bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia abríndose daquela o prazo para facer as solicitudes.

Ofrecen case 2.000 prazas para o programa ‘Coñece a túa provincia’

A Deputación de Lugo ofrecerá este ano preto de 2.000 novas prazas no programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, tal como explicou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, que explicou que a Xunta de Goberno aprobou a convocatoria dunha nova edición desta iniciativa, dirixida a entidades asociativas sen ánimo de lucro de calquera dos 67 concellos lucenses.

“Reeditamos polo tanto este programa, que desde a súa creación hai xa tres anos tivo unha gran

acolida e supón un revulsivo importante para a actividade social e económica da nosa provincia a través da promoción do territorio”, valorou García Porto, quen sinalou, que desde setembro do 2021, máis de 8.000 participantes de 358 asociacións xeraron un retorno económico estimado de máis de medio millón de euros.

Nesta tempada do 2024, cada excursión incluírá como en anos anteriores o transporte para os traslados de ida e volta dende o lugar ou lugares de orixe, menú de xantar e entradas e visitas ós

diferentes lugares de interese. Con cada grupo irá en todo momento un guía acompañante.

As visitas serán realizadas por profesionais que contan coa habilitación de guía oficial de turismo de Galicia e polo persoal encargado de atención ó público nos diferentes museos, empresas ou obradoiros sinalados nos itinerarios do programa. As solicitudes para participar poderán formularse durante un prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no BOP.

PLAN DE FORMACIÓN



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, xunto aos deputados de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, e de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, entregou no Salón de Actos do Pazo de San Marcos os diplomas aos empregados e empregadas públicos da propia institución e de 39 concellos que completaron os cursos do Plan de Formación Continua 2023, no que participaron máis de 300 persoas. A Deputación organizou 20 accións, con máis 760 diplomas expedidos, pois nalgún caso cada persoa realizou varias formacións.

O Campus Terra proba a roza biolóxica como alternativa económica

A roza biolóxica antólase como unha alternativa máis económica e, sobre todo, máis sustentable que os procedementos mecánicos, para controlar a vexetación naquelas áreas de monte polas que discorren liñas de tendido eléctrico. Así se desprende das primeiras estimacións do proxecto Pastando en REde, unha iniciativa de carácter experimental que está a desenvolver en áreas dos concellos de Friol e Maceda o grupo de investigación en Sistemas Agroforestais e Agroecolóxicos, coordinado por Rosa Mosquera Losada.

Esta investigadora sinalou asemade que, alén dos beneficios xa citados, o control biolóxico da biomasa con pastoreo extensivo facilita a cadea de valor das pe-

quenas explotacións gandeiras e favorecer a remuda xeracional a través da visualización dunha nova forma de emprego tradicional con potencialidades para atraer e fixar poboación e que tamén axuda a evitar desigualdades entre o binomio campo-cidade.

Respecto das experiencias xa en marcha, a coordinadora comentou que logo de seleccionar dúas parcelas nos concellos de Friol e de Maceda nos que se estaban a realizar labores de control de biomasa con medios mecánicos, os investigadores da USC delimitaron zonas lineiras nas que soltaron cabras de carne e vacas de raza vienesa, respectivamente, a fin de avaliar e comparar así os efectos da zona mecanizada cos da roza biolóxica do gando en extensivo.

Máis de 1.600 fogares accederán a internet ultrarrápido no 2024

Máis de 1.600 fogares de Friol terán acceso a Internet de alta velocidade ao longo do presente ano. O despreque está sendo executado de forma progresiva pola empresa Adamo, que acaba de conectar a 170 familias do concello lucense a súa fibra óptica. Estas actuacións resultan máis complexas do habitual, dado que implican a instalación de tres cabeceiras que, ao finalizar o proxecto, quedarán interconectadas entre si para que a rede quede plenamente asegurada, fixada e consolidada.

Aínda que esta infraestrutura abre numerosas posibilidades, resulta inevitable identificar esta novidade tecnolóxica coa loita contra o despoboamento que mantén o Concello de Friol como gran impulsor.

É preciso destacar que se trata de fibra óptica de ata 1.000 Mb, a mesma velocidade máxima habitual de conexión que pode encontrarse en calquera gran cidade. Así que ago-



ra é posible navegar por Internet á mesma velocidade en Barcelona, en Madrid... e no Concello de Friol.

David Llano, responsable de Adamo en Galicia, reuniuse co alcalde de Friol, José Ángel Santos, quen está impulsando o desenvolvemento de esta infraestrutura clave tanto concedendo os permisos pertinentes con axilidade como facilitando sempre o labor dos técnicos do operador.

A conexión que subministra Adamo -de ata 1.000 Mb, como xa se sinalou-, ademais de ser útil contra o despoboamento, posibilita realizar con garantías actividades que hoxe resultan habituais: teletraballo, educación en liña, compras por Internet, citas médicas telemáticas ou desfrutar de videoxogos, series e películas en remoto, entre outras.

EN BREVE

BTT. O domingo 7 de abril os amantes do ciclismo de montaña terán unha nova cita en Friol coa celebración da cuarta proba da Transgalaica – Maratón MTB Series. Esta chega despois do seu paso por Cercedo-Cotobade., Ames e Silleda. Terá o seu fin en Manzaneda o 21 de abril. Os participantes poderán gozar a partir das 09.30 horas dunha competición que se desenvolverá nun circuíto de arredor de 60 quilómetros que transcorrerá por distintos puntos da localidade. A saída da proba será desde o Concello.

ROIMIL. A comisión de festas de Roimil organiza o sábado 13 de abril unha cea baile no local social do Campo da Feira. A actividade terá un prezo de 20 euros, na que se incluírá unha cea e actuación musical para amenizar a noite. Para asistir é preciso anotarse antes o 8 de abril e pode facerse nos teléfonos de Carlos, Fran, Guita, Noel, Pablito, Manolito, Nando, Silvia e José.

NOVO EQUIPO. O CPI Dr. López Suárez de Friol segue a diversificar a posibilidade de que os e as estudantes tomen contacto co máximo número de deportes posibles e por iso puxeron en marcha un grupo de tenis de mesa. Nace, deste xeito, o quinto equipo de competición do centro educativo, xestionado integramente todos polos profesores do mesmo.

O orzamento deste ano supera por primeira vez os cinco millóns de euros

O equipo de Goberno de Friol co seu alcalde José Ángel Santos á fronte presentaron uns presupostos ambiciosos para este ano en materia de dotación a investimentos, son uns orzamentos moi estudados e rigorosos, todo en beneficio dos veciños de Friol.

O Concello de Friol duplica agora o orzamento municipal do presente exercicio de 2024 con respecto ao de hai 8 anos, que en 2016 foi de 2.900.000 euros e ano tras ano vai aumentando ata bater a súa propia marca cunha cantidade que ascende ata 5.205.300 euros.

Durante os últimos anos, o orzamento inicial do Concello de Friol tivo unha tendencia ascendente. Os datos económicos así o poñen de manifesto. Desde a anualidade de 2019, superou os tres millóns de euros iniciais. No ano 2022 iniciouse o exercicio con 3.900.000,00 euros; o ano pasado a previsión inicial foi de 4.265.000,00 euros; e este ano, por primeira vez, supéranse os cinco millóns.

“Trátase dun proxecto de orzamento pensado para manter a

prestación de servizos aos cidadáns nas mellores condicións posibles, levar a cabo proxectos de inversión dentro das posibilidades, para dinamizar o tecido produtivo do municipio e dalgún xeito, facilitar e dinamizar as transaccións para o comercio entre particulares, entre particulares e o tecido empresarial, e entre os propios empresarios, con vistas ao crecemento interno e tamén a exportación dos nosos produtos fora do noso municipio”, explicou o alcalde.

O capítulo segundo de gastos correntes en bens e servizos representa o 44,67 % do total (2.325.344,24 euros), “que para un Concello como Friol supón un importante esforzo”. Con todo este crédito, darán cobertura ao mantemento en bo estado das vías públicas municipais, dedicando á política de gasto de infraestruturas unha cantidade de 462.973,53 euros.

Para benestar comunitario, cóntase cunha partida de 606.954,93 euros, coa finalidade de mellorar a calidade de vida en xeral.



A Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá volveu brillar na XXX edición

A celebración da XXX Feira do Queixo e Pan de Ousá, no concello de Friol, foi un novo éxito, con miles de persoas e os produtos á venda practicamente esgotados. Destacaba o feito de que esta é a segunda na que ten o título de Festa de Interese Turístico Galego. No encontro deste ano participaron miles de persoas que puideron degustar algunha das mostras gratuítas ofertadas por preto de 60 queixerías e cinco panaderías da zona. En total vendéronse arredor de 13.000 queixos e máis de 3.500 pans.

O eixo principal da feira volveu situarse como en anos anteriores

na praza Andón Cebreiro para a exposición de produtos. Ao redor da carpa situáronse outros postos de venda dos diferentes produtos agroalimentarios do municipio e tamén produtos artesanais e do téxtil, repartidos pola praza Rosalía de Castro.

A programación da xornada completouse con concertos, un obradoiro de cociña para nenos e actividades para todas as idades malia que a compra do queixo e o pan e a súa promoción foi o eixo principal da xornada. A música de Comando Curuxás e a orquestra Marbella completaron a programación.



O Concello quiere crear unha ruta pola Vía Rexia

O Concello iniciou os trámites para solicitar á Secretaría Xeral de Turismo a creación dunha ruta turística de sendeirismo sobre parte do itinerario que discorre pola Vía Rexia do Norte. A denominación da ruta é a de Camiño Rexio e ten como obxectivo poñer en valor un camiño de peregrinación a Santiago que se desviaba do Camiño Norte en San Tirso de Abres, e que se unía co Camiño Primitivo en Lugo. Segundo explican desde o Concello, este camiño, ao seu paso polo concello de Castro de Rei “conta con numerosos elementos singulares que se atopan no seu trazado”. Trátase dunha ruta histórica que en parte discorre por varios camiños xa existentes, de titularidade municipal e que en ocasións pasa

por algún tramo paralelo á estrada N-640, na que poden visitarse elementos moi significativos, como a Fonte da Troita no Couto de A, o Castro de Viladonga, as igrexas de Ludrio e Mondriz, así como o Pazo situado a escasos metros da igrexa parroquial, ou mesmo a Fonte da Virxe de Duancos, entre outros. As actuacións a realizar consisten na sinalización de paso da ruta con frechas de localización, a adaptación de zonas para uso peonil en vías municipais, a colocación de paneis informativos ao longo da ruta así como de paneis identificadores das súas características. O custe destes elementos é de 36.000 euros, que será a contía que solicite o Concello en forma de achega para poñer en marcha este proxecto.



Inician o trámite para ter a distinción turística para o Antroido de Val de Francos

O Concello de Castro de Rei iniciará os trámites para que o Entroido de Val de Francos sexa declarado Festa de Interese Turístico Galego. Así o acordaron no Pleno, no que o equipo de Goberno presentou unha moción de urxencia co obxectivo de iniciar canto antes os trámites e que esta distinción poda estar xa activa cando se celebre a próxima edición. Esta solicitude levarase a cabo entre o Concello e a Asociación Val de Francos, que está a elaborar unha memoria sobre esta tradicional fes-

ta, da que existe documentación desde finais do século XIX.

O Entroido de Val de Francos celébrase no Campo do Carril da parroquia de Ansemar e está organizada por esta localidade e as veciñas de Goberno e Balmonte.

Ademais dos disfraces, a música e o humor, este Entroido é coñecido polo seu sermón retranqueiro, así como pola chegada do Antroido, unha figura que representa a unha personaxe non querida e que acaba queimado.

A CIG di que a residencia de maiores non ten material sanitario

A CIG denunciou a “precarísima situación” na que se atopa a atención sanitaria na residencia de Castro Ribeiras de Lea (no Concello de Castro de Rei e de titularidade pública pero coa xestión privatizada) debido á falta de subministración de material por parte do Sergas. Afirmar que o centro, no que residen 172 persoas, a maioría delas grandes dependentes, leva unha semana sen material para facer as curas pero até o día 14 o Sergas non fará envío do novo pedido. “Este problema vénse arrastrando dende hai un ano, pero o servizo público de saúde foi recortando tanto que agora non temos nin gasas para facer as curas das úlceras”, salienta a representación da CIG. Subliñan que ao ser un centro de titularidade pública, os pedidos do material sanitario básico (como gasas, parches de curas, sondas ou xiringas para aplicar a medicación das e dos usuarios) fase directamente ao Sergas, que é a administración responsábel de cubrir as

necesidades nesta materia.

“Porén, dun tempo a esta parte, o Sergas comezou a restrinxir o material que se pode solicitar até o punto de que nas follas de pedido a través das que o persoal de enfermería marca que cantidade precisa de cada material, “só dá opción a un pedido de mínimos que non chega para nada”. Como exemplo, explican que só poden pedir un máximo de 5 sondas rectais e de aspiración, cando no centro viven máis de 170 persoas.

A representación da CIG xa trasladou as queixas por estas eivas á dirección da residencia (xestionada pola empresa CK Sénior) para que interviñera ante a administración galega, pero os problemas, lonxe de solucionarse, estanse agravando. De seguir así, advirten, “os usuarios e usuarias acabarán tendo que ir ao hospital para que lles dean a atención que aquí non podemos ofrecerlle por falta de material tan básico como unha sonda”.

O Pleno apoia a proposta de crear un plan de igualdade

O BNG presentou no Pleno do concello de Castro de Rei unha moción para que dende o concello se elabore un plan de Igualdade municipal. Moción que foi aprobada por unanimidade e obriga ao equipo de goberno a creación dese plan.

A desigualdade por razón de sexo responde a problemas estruturais que afectan a toda a sociedade; por iso, os esforzos das administracións públicas para a consecución da igualdade real son fundamentais.

“Vemos pertinente a creación dun Plan de Igualdade que poida promover como obxectivo final, no ámbito local, a igualdade na diversidade e a eliminación de toda forma de discriminación e desigualdade que incide sobre as mulleres e sobre as persoas en xeral, por motivo das diversidade existentes – funcional, procedencia ou orixe étnica, racial, cultural e diversidade afectivo-sexual” afirma a nacionalista.

O grupo municipal do BNG estará pendente de que dende o equipo de goberno leven adiante esta encomenda e se poñan a traballar na creación deste plan importante para levar adiante unha igualdade real neste concello.

O club BTT Castro convoca a súa kedada anual para o 13 de abril

O club ciclista BTT Castro celebrará o 14 de abril a sexta edición da súa quedada anual, que se recuperou o ano pasado despois de tres de parón pola pandemia.

A proba consistirá nunha ruta cicloturista polo Concello de Castro de Rei, na case a súa totalidade que non terá carácter competitivo, polo que non será cronometrada. O obxectivo desta actividade será o de facer unha excursión á que poda sumarse o maior número de amantes do ciclismo posible.

Por todo isto, non terá moitas dificultades técnicas e a organización lembra, que non terá asistencia polo que cada un debe estar en condicións de rematar a proba e levar os repostos que considere necesarios (cámara, parches, bomba de aire, etc...).

A saída está prevista ás 9.30 horas da carballeira de Castro Ribeiras de Lea, na que os participantes poderán tomar un café. A organización anunciou que este ano haberá unha pinchada final con sesión vermú. Este ano a ruta constará duns 50 km cun desnivel positivo acumulado de 1400 metros.

Convocada para o 13 de abril en Ponte de Outeiro a novena Festa da Troita

A sociedade deportiva e cultural Amigos do Miño ten previsto celebrar o sábado 13 abril a súa novena Festa da Troita do Río Miño na localidade de Ponte de Outeiro, en Castro de Rei.

A festa dará comezo na noite do venres 22 de abril ás 22.00 horas co sorteo de dorsais para así, o sábado 23, comezar os concursos ás 9.00 horas. Xa para as 13.00 horas estará rematado o concurso e farase a pesaxe das pexas capturadas. Acto seguido será o xantar de irmandade, precedido da sesión vermú que inclúe tamén sobremesa a cargo do dúo Epo-K. Finalmente pola tarde, ás 17.00 horas, será a entrega dos trofeos. Completarase a programación con xogos populares a partir das 18.00 horas e a verbena, na que ademais



de Epo-K estará tamén a orquestra Claxxon.

De madrugada tamén está prevista a actuación de Eventec e Comedeejay. Para participar é necesario anotarse antes do 8 de abril e ademais hai un número de prazas limitadas. Para facelo haberá que chamar aos teléfonos 637 992 204 e 609 887 719. Ten un prezo de 45 euros, xantar incluído.



Remata o concurso de recitado a Rosalía na Casa de Manuel María

A poesía de Rosalía de Castro e Manuel María soou na voz dos escolares galegos que participaron no VIII Concurso de recitado Rosalía sempre viva. Certame organizado pola Casa-Museo Manuel María. O alumnado, de entre os 6 e os 18 anos, realizou un excelente concurso cun nivel moi salientábel que puxo moi complicado o veredicto do xurado.

Na primeira categoría (1º, 2º e 3º de primaria) gañaron Daniela Velo Veiga, do CPI de Xanceda (Mesía), co recitado do poema *Adiós ríos, adiós fontes* de Rosalía de Castro, do seu libro *Cantares Gallegos*.

Na segunda (4º, 5º e 6º de primaria) os premios foron para Lara Arias Sanjurjo, do CPI de Xanceda (Mesía), co poema *Alborada nº1* de *Cantares Gallegos*, Rosalía de Castro.

Gañaron na terceira categoría (Edu-

cación Secundaria) Pablo García Martínez, do IES de Foz, polo recitado *Cantas os galos pró día* de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Finlamente, na cuarta categoría (Bacharelato e Ciclos Formativos) Iria Mariño Solla, do IES Val do Tea (Pontearreas), co poema *Cando a luniña aparece*, de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro resultados vencedores.

Tamén recibiron unha mención honorífica Daniela Otero Fernández, de Vilagarcía de Arousa, polo seu recitado do poema de Rosalía de Castro *Quixente tanto meniña*; Lucía Seoane Fernández do Colexio Marista A Inmaculada de Lugo polo recitado do poema de Rosalía *Adiós ríos, adiós fontes*, e Sara Martínez Quindimil, do CPI de Xanceda, co poema *Tanto e tanto nos odiamos*.

Os socialistas denuncian a falta de médicos no centro de saúde local

A agrupación do PSdeG en Outeiro de Rei denuncia que no Centro de Saúde da localidade só atende un médico dos tres que o fan habitualmente. A voceira socialista, Carmen Acacio, alerta da "crítica situación" á que se enfronta o concello con listas de espera de 10 días para unha consulta médica, e ata 15 días para receitas.

Explicou que como único reforzo do servizo "puxeron un médico substituto que pasa consulta un día á semana durante dúas horas. E obviamente, non chega, porque non cubre as necesidades que temos en Outeiro". Reprochou Acacio que "hai casos que non poden esperar, porque cando un enferma precisa dunha atención inmediata".

SOARES. Por outra banda, o Grupo Socialista obrigou ao alcalde a publicar no Boletín Oficial da Provincia a Ordenanza Reguladora do Rexistro Municipal de Soares, que o Concello levaba aplicando de forma irregular dende hai seis anos. Así o vén de comunicar a voceira do PSdeG, Carmen Acacio, quen subliñou que foron os socialistas os que alertaron de que a normativa non estaba recollida no BOP.

"Este é un exemplo máis da mala xestión e do caos municipal ao que nos ten sometidos este Goberno do PP. É intolerable que durante 6 anos o Concello esixa á cidadanía cumprir cun regulamento que non está en vigor porque non existe ao non estar publicado", explicou Carmen Acacio.

O BNG denuncia o abandono da Pontella do Maiordomo en Taboi

O BNG denuncia, a través do Deputado no Congreso, Néstor Rego, o estado de abandono no que se atopa a Pontella do Maiordomo que cruza o río Miño na parroquia de Taboi.

Esta estrutura permite o acceso á Insua do Maiordomo e componse dunha ponte de dous tramos con trabes de carballo que pousan nun tallamar central e táboas encravadas. Trátase dunha construción singular e cunha tipoloxía única na comarca da Terra Chá de Lugo.

"Posúe grande relevancia dentro da cultura popular como elemento arquitectónico" afirmou a concelleira, onde se observan coñecementos e materiais empregados durante séculos no rural da Galicia, como pola súa relación con un modo de vida tradicional baseado na gandería e agricultura e que até hai algúns anos posuía enorme incidencia.

A construción presenta un estado de deterioro moi elevado. Esta situación empeorou nos últimos tempos de modo alarmante, a pesar de que xunto dela discorre unha ruta deseñada polo Concello, que aproveita



un camiño paralelo ao río Miño, mais isto non implica que o Concello poña en valor a pontella nin trate de parar o seu deterioro.

"É preciso que desde a Confederación inicien os trámites e negociacións precisos para acometer as necesarias obras de restauración e posta en valor da Ponte á Insua do Maiordomo no Río Miño e impedir que continúe o seu deterioro "esixiu Lombao.

DEPORTE. O BNG denuncia o estado de abandono no que se atopan as

instalacións municipais usadas para actividades deportivas, en concreto o piso superior do local onde se atopa o Xulgado de Paz. A concelleira nacionalista, Elvira Lombao, sinalou que "o alcalde non pode permitir que á veciñanza que vai a estas actividades o faga nunhas instalacións con graves deficiencias". O BNG de Outeiro de Rei puido constatar que o local onde se celebran as actividades de ximnasia e pilates esta sucio e con auga polo chan, auga que provén de pingueiras que ten o edificio onde se celebran estas actividades.



A rapazada do Outeiro Tardes presentou un vídeo elaborado polo 8M

Con motivo da celebración do Día Internacional da Muller, o Concello de Outeiro de Rei presenta este venres na Casa da Cultura de Outeiro de Rei ás 17:00 h, o vídeo *Ás que tanto nos dan-Concello de Outeiro de Rei*.

O Concello volve repetir a iniciativa de anos anteriores coa presentación dun vídeo pensado e elaborado especialmente para este 8-M pero dándolle un enfoque diferente. Nesta ocasión os e as protagonistas foron 13 nenas e 14 nenos que asisten a Outeiro Tardes, iniciativa incluída dentro do programa muni-

cipal de conciliación familiar, que se encargaron de facer unha homenaxe a algunhas das mulleres coas que comparten o seu día a día e que sen dúbida son piares fundamentais nas súas vidas.

O acto estivo presidido polo alcalde, José Pardo Lombao, e a concelleira de Servizos Sociais, Mª José Martínez Vigo e contou coa presenza dos nenos e das nenas protagonistas e tamén con Irene Vila Modia, da empresa BuleBule, realizadora deste traballo. Ao remate do acto houbo unha degustación de doces.

Abre a inscrición na Escola Infantil

Ata o 30 de abril está aberto o prazo de solicitudes de admisión para o curso escolar 2024/2025 na Escola Infantil Municipal. Durante este período de tempo, os pais/nais ou titores dos menores que estean na actualidade matriculados na Escola Infantil Municipal de Outeiro de Rei deberán presentar a solicitude de reserva de praza no caso de querer continuar na escola infantil no próximo curso. Os pais/nais ou titores de menores que desexen acceder a este servizo no próximo curso escolar deberán presentar solicitude de inscrición.

Contratación de grupos musicais

O Concello, a través da Escola de Música Asociación Músico Crisanto pon á disposición das parroquias, asociacións e comisións de festas deste municipio que o soliciten, catro actuacións anuais de carácter gratuito; as actuacións poderanse programar en horario comprendido entre as 11.00 e as 21.00 horas e terán unha duración aproximada de 45 minutos. Pódense solicitar as agrupacións Banda de Música Sons e Soños e a Coral.



O BNG esixe a reparación das estradas provinciais ao seu paso por Adai

O BNG comproba como cada día que pasa, a maioría das estradas que dependen da Deputación están “máis deterioradas e resultan máis incómodas e perigosas”. Dende a formación política veñen facendo un seguimento moi detallado do estado das estradas no concello falando coa veciñanza para dar visibilidade ao malestar dos mesmos.

A portavoz nacionalista, Pilar Bellón, destaca que “a veciñanza de Adai, Quinte, Monte de Cerceda ou Cruce de Maceda con Lousada séguennos manifestando o seu malestar polo estado destas estradas LU-P-1602, LU-P-1608 ou LU-P-1611”. En concreto, a asociación de veciños de Adai “que levan máis de un ano reclamando o arranxo á deputación e

non reciben resposta”. Segundo a concelleira, a veciñanza desta parroquia expresa “o seu malestar pola situación da vía, máis aínda tendo en conta que tódolos 13 de mes se celebra a feira mensual e esta é a vía para acceder a dita feira”. Denuncian, deste xeito “as incomodidades e os danos nos vehículos por culpa das moitas e grandes fochancas que ten esta calzada” que están a sufrir os habitantes da zona. Para os nacionalistas a solución pasa por renovar con urxencia o firme, porque esta estrada “leva moitos anos sen arranxar así como facer unha limpeza das cunetas”. E así o farán saber nunha moción que levarán pleno para implicar ao alcalde na esixencia da reparación destas vías.



A vila recupera en abril o mercado e o rastro con sesión vermú e xogos

A Asociación os Cinco Ríos, coa colaboración do Concello, recupera o mercado e rastro de cousas usadas do municipio tras o éxito da pasada edición. A cita celebrárase o primeiro domingo de cada mes e terá lugar ao lado da Cámara Agraria.

O programa comezará coa apertura do mercado. Habrá postos de vendedores ambulantes e calquera particular tamén poderá achegar o seu. Ademais, como novidade todas as persoas poderán levar unha cousa antiga para expoñer e a máis curiosa terá premio.

A partir das 11.30 horas os asistentes poderán gozar de xogos tradicionais como petanca, lanzamento de sacho e lanzamento de boina.

Os interesados en participar deben anotarse no teléfono 636 584 282. Todos os meses realizaranse estas probas e acumularanse puntos ata agosto, cando se entregarán os galardóns ao primeiro clasificado de cada disciplina.

A música tampouco faltarán na xornada. O cantante barallés Dani Pardo será o encargado de amenizar a sesión vermú a partir das 12.00 horas. Xa ás 13.30 horas terá lugar o sorteo dunha cesta. Por último, o mercado contará con postos de polbo para os que queiran gozar da gastronomía durante a xornada. As persoas interesadas en levar algo para vender deberán inscribirse nos teléfonos 636 584 282, 686 65 657 e 670 833 909.

Organizan o primeiro club de lectura do ano

Os amantes da lectura do Corgo teñen unha cita o vindeiro venres 5 de abril no palco do municipio. A partir das 20.00 horas botará a andar o primeiro club de lectura do ano, actividade que conta coa colaboración do Concello. O primeiro libro que lerán os participantes desta xuntanza será Resistencia da autora Rosa Aneiros. A obra de Aneiros percorre a historia política e social de Portugal, a través da vida de personaxes pertencentes a varias xeracións, desde os anos vinte ata os anos noventa do século XX. Mercé ao relato, a través dunha voz narrativa omnisciente, preferentemente presentada en terceira persoa.

O PAI abre o prazo de matrículas

O Punto de Atención á Infancia (PAI) abre o prazo de matrículas para o vindeiro curso 2024/2025. Deste xeito, os nenos e nenas xa matriculados e que desexen continuar para o próximo ano terán dereito á reserva da praza, que se levará a cabo entre o 1 e 15 de abril, ambos incluídos. Pola súa parte, as novas solicitudes de admisión, atenderanse do 16 de abril ao 30 de abril. Posteriormente, a listaxe de admitidos publicarase na web do Concello o 10 de maio. Os interesados deberán dirixirse ás oficinas municipais da Casa Consistorial.

guntín

A alcaldesa aposta pola humanización do campo da feira de Grolos

Guntín aposta por mellorar o municipio coa execución de varias obras. Entre elas atópase a humanización do campo da feira de Grolos, no que se organiza o mercado cada mes; a creación dun novo aparcadoiro e a rexeneración da área recreativa. Por outra banda, están a avanzar na reforma da praza da Igrexa da man dos traballadores que participaron na formación do obradoiro de emprego.

Estas actuacións súmanse ás obras de mellora das infraestruturas que compoñen todo o seu concello para facilitar a vida da veciñanza das súas 31 parroquias. As actuacións son practicamente continuas nos camiños de todos os núcleos de poboación, como os traballos de mellora e acondicionamento das pistas

de Montouto e As Pereiras, na parroquia de Sirvián.

OBRAS. O Concello de Guntín continúa a súa aposta por mellorar o municipio coa execución de varias obras. Nestes días están actuando nos camiños e nas pistas de Nogueiras, na Horta e tamén en Arriba de Ferroi. Nestes núcleos están a levar a cabo labores de mellora e acondicionamento do firme. Ademais, tamén traballaron no asfaltado e na canalización no núcleo de Constante.

Estas actuacións coas que pretenden facilitar a vida da veciñanza das súas 31 parroquias súmanse a outros proxectos do Goberno local como son a humanización do campo da feira de Grolos ou a creación dun novo aparcadoiro.

AXENDA DE ACTIVIDADES

NOITE DE SAN XOÁN. A asociación Os Cinco Ríos do Corgo xa ten programa para a noite de San Xoán. A cita, que combina gastronomía e música, terá lugar o domingo 24 de xuño a partir das 10.00 horas xunto á cámara agraria. Ademais de fogueira, haberá pinchos para todos os asistentes. Os encargados de amenizar a xornada será o dúo Eclipse. O evento conta coa colaboración do Concello do Corgo.



XORNADA VIAXEIRA. O proxecto Descubrir a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa continúa o vindeiro 6 de abril cunha xornada viaxeira polo Corgo. A ruta realizarase en horario de mañá, entre as 11.00 e as 14.00 horas. Durante a xornada, realizarase un paseo guiado moi entretido e dinámico e rematará a actividade cunha degustación de produtos da zona e cunha actuación dun grupo musical. O punto de encontro será Castrillón. Para participar é necesaria a inscrición a través

do correo info@comarcadelugo.gal ou do número 982 238 000.

EXCURSIÓN. A asociación Os Cinco Ríos do Corgo programa una excursión o vindeiro sábado 13 de abril. A iniciativa ten un curso de 20 euros para os socios e de 30 para os que non o son. Os interesados poden anotarse nos teléfonos 648 063 894, 686 625 657 ou 670 833 909. O pago farase mediante ingreso bancario no número de conta ES20

2080 0156 4530 4001 1319 os días 8 e 9 de abril. Os que se fagan socios antes desa xornada terán dereito a gozar do desconto de asociados. A saída será ás 9.00 horas no centro sociocultural do Corgo.

NOVAS TECNOLOXÍAS. O centro sociocultural do Corgo acolle o sábado 6 de abril un obradoiro de acceso ás novas tecnoloxías. Trátase dunha proposta, que se impartirá de 12.00 a 14.00 horas a modo de charla, dirixida a persoas maiores que queiran familiarizarse coas novas tecnoloxías. Neste encontro, organizado pola Irmandade de Lugo Sempre coa colaboración co colectivo Os Cinco Ríos e da Asociación Cultural Observatorio Político, falarase sobre o uso do móbil, do correo e sobre as aplicacións útiles no día a día. Tamén se aprenderá a pedir citas bancarias e a facer xestións. Conta con 20 prazas e os interesados poden facer as súas inscricións a través do 606 257 252.

Inscrición na casa niño A Brétema do Miño

A casa niño A Brétema do Miño de Portomarín mantén aberto o seu prazo de inscrición. Os interesados en levar as súas crianzas ao centro poden anotarse ata o vindeiro 8 de abril. Trátase dun servizo especializado no coidado e na atención de nenos e nenas de 0 a 3 anos. A Brétema do Miño foi inaugurada no ano 2022 e ten capacidade para 5 cativos. Os interesados poden solicitar información ou realizar a inscrición a través do número 617 743 642.

Homenaxe na vila ao párroco Don Antonio

Portomarín organiza unha comida pola homenaxe de xubilación a Don Antonio, párroco da vila desde fai máis de 60 anos. As persoas interesadas en asistir deben recoller as súas entradas na Pousada de Portomarín ou na Igrexa xunto a Don Francisco. O custo da entrada é de 35 euros. A homenaxe será o sábado 20 de abril, xornada na que haberá misa a partir das 13.00 horas antes do xantar.

O núcleo urbano foi declarado Zona de Gran Afluencia Turística

O núcleo urbano de Portomarín acaba de ser declarado como Zona de Gran Afluencia Turística. Tal e como recolle o Diario Oficial de Galicia os establecementos comerciais poderán ampliar os seus horarios e abrir de 9.00 a 22.00 horas dende o mes de abril ata o mes de novembro.

A declaración, que terá unha vixencia de 5 anos, prorrogables sempre que se volvan xustificar as causas que motivaron a autorización inicial, foi solicitada e probada no pleno do Concello en xuño de 2018. Dende o Goberno local xustificaban a proposta apoiándose número de visitantes que recibe o municipio que forma parte do Camiño Francés. Concretamente uns 75.000, “o que multiplica por 48 a poboación local”.

Outra das circunstancias sinaladas no DOG é a existencia dunha concentración de prazas de establecementos turísticos. Para iso, apóianse nos datos do Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) que amosa que no 2022 o municipio tiña



“75 establecementos que ofertaban 1.454 prazas” e boa parte delas na área proposta como Zona de Gran Afluencia Turística.

ALBERGUES. “Algo máis da metade da oferta correspóndese aos albergues, tipoloxía destinada principalmente ao peregrino, con peso tamén importante do segmento hoteleiro –representa o 30 % do total das prazas–, indícase no informe. Pola súa parte a porcentaxe de vivendas turísticas

segundo o INE sitúase no 3,75 % en febreiro do 2023, “cifra que supera ao promedio dos concellos da contorna e tamén é a máis alta de todos os municipios localizados no Camiño Francés”.

Outra das cuestións é que o municipio ten declarados dos elementos BIC como monumento e conxunto histórico a igrexa de San Nicolás e o Conxunto Asolagado de Portomarín e pertence ao Camiño Francés, declarado como BIC e Paisaxe cultural

Ribeira Sacra no 2018. Precisamente ao localizarse no trazado da Ruta Xacobeana recibe un importante número de peregrinos e aglutina tres albergues públicos e 23 albergues privados que ofertan en total 793 prazas –o 56 % do total das prazas de aloxamento”.

RÚAS PEONÍS. O Concello procederá a subir os bolardos para restrinxir os vehículos nas fins de semanas e nos días de maior afluencia onde se prevea un número elevado de xente. O horario da subida de bolardos será de 14.00 a 00.00 horas, período no que os tramos afectados serán de uso exclusivamente peonil.

Esta medida afectará ás rúas de maior afluencia da vila, concretamente ás rúas Compostela, Lugo, Fraga Iribarne e Praza do Camiño, tal e como o anunciou o alcalde do Concello, Pablo Rivas. A norma, que se fixo efectiva o pasado venres 22 de marzo, aplicarase todo os sábados e domingos ao longo deste ano, así como tamén as xornadas de festas ou eventos nos que se poidan congregar un número importante de asistentes no municipio e nos que os turistas non poderán circular por estas rúas

pol

Un cento de persoas participaron na primeira Ruta dos Fornos

Malia a chuvia e o frío, máis dun cento de persoas participaron na celebración da primeira edición da Ruta dos Fornos de Pol, unha iniciativa que puxo en marcha a asociación de mulleres rurais Olvido e Roteiros de Pol. Esta actividade, que permitiu facer unha parada en seis fornos particulares do municipio.

O obxectivo dos organizadores desta cita é reactivar estes espazos tradicionais e que se recupere este traballo tradicional que se viña facendo en todas as casas. Dende as entidades explicaron que se trata dun labor en decadencia porque “a xente maior deixou de usalos e os novos quitaronlle valor ou non saben como realizar o proceso, por iso queremos que os fornos que aínda están nas casas recuperen o seu valor”.

Foi un percorrido de dez quilómetros e dificultade baixa que comezou na Capela das Neves e percorreu os fornos de Bernabel, de Labrada, de Pásaro, de Neira, de Mirón e Casa Chaín, onde rematou a visita. En cada un dos espazos puido degustarse algunha das elaboracións que se fan nos fornos, tanto doces como salgados.



O programa dos Roteiros de Pol

A Asociación Roteiros de Pol continuará este ano as rutas pola provincia. Os percorridos deron comezo en xaneiro cunha ruta por Guntín de Pallares e outra por Barreiros en febreiro. Continuarán este mes de marzo (día 17) por Ponferrada. En abril (día 21) o lugar escollido para visitar é Paradela, pola Ribeira Sacra. No mes de maio participarán na XV Concentración de Asociación de Senderismo e Tempo Libre de Galicia e Asturias, que terá lugar na Pontenova o día 11.

No verán están previstas dúas rutas, o 16 de xuño a XXXVII Travesía Costa Naviega, na localidade asturiana de Navia, e o 7 de xullo por Guitiriz. Tralo descanso de agosto, recuperarase o ritmo en setembro con dúas citas, o 1 farán a tradicional ruta por Pol e o 29 viaxarán a Mondoñedo.

En outubro seguirán de ruta de Belesar e o 17 de novembro polo Courel. Rematarán o día 1 de decembro coa Ruta do Cocido de Lugo e a cea anual, que será o 15 de decembro en Mosteiro.



A Festa da Augardente volve encher Portomarín de veciños e visitantes

Como todos os anos o Domingo de Pascua acolleu a tradicional Festa da Augardente de Portomarín, unha 52 edición que chegou cunha novidade. O Concello organizou esta fin de semana dous días de festa, nos que a vila volveu a encherse de veciños e asistentes para demostrar o gran tirón da cita.

Ademais do estreado concurso de coctalaría, os que se achegaron ata o municipio puideron gozar de varios postos con degustacións dos produtos da terra, carreira popular e música. A sesión vermú da man da orquestra Trébol e o concurso Cócteles do Camiño protagonizaron a xor-

nada inicial, mentres que o domingo tivo lugar a entrega de premios, a procesión do Santo Encontro, misa na igrexa de San Xoán e pasacalles a cargo da Asociación Cultural Río Miño.

Pola mañá tamén se organizou a oitava edición da carreira popular, unha xornada técnica no salón de actos do Pazo do Xeneral Pardiñas, recibíuse aos novos cabaleiros e damas que ingresan na Orde Serenísimas da Alquitara e tivo lugar o pregón da man de Mario Mato, adegoeiro de Portomarín. A música protagonizará a tarde, que estivo amenizada pola charanga Era Visto.

castroverde



O BNG esixe a mellora do pavillón municipal

O grupo municipal do BNG de Castroverde levará no vindeiro pleno unha moción para que se fagan con urxencia as melloras estruturais do pavillón A Ferrería, xa que denuncian o mal estado das instalacións municipais.

Segundo os nacionalistas, o pavillón municipal foi pintado recentemente pero ten outras moitas deficiencias que resolver, como, por exemplo, as pingueiras que danan o mobiliario e que se puideron ver o día 9 de marzo durante o partido triangular que xogou o FSF Castro-

verde, a UD Pastoricense e o Ribeira-Lieders, ou o eterno problema da pechadura da porta de entrada, sen solucionar dende hai anos.

Segundo a formación política, en novembro de 2023, xa se interesaran polas obras de mellora do pavillón e solicitaron unha mellora de seguridade das varandas das gradas ou a mellora do circuito de auga quente de duchas. Porén aseguran que as obras de mellora quedaron nun lavado de cara, con melloras estruturais que quedaron sen facer.

As asociacións xa poden solicitar as subvencións

Abre o prazo para solicitar as subvencións destinadas a asociacións culturais, deportivas e veciña. Estas poden presentarse ata o xoves 4 de abril. No ámbito cultural e deportivo, preténdese subvencionar áreas relacionadas coa cultura, a música, o deporte, a educación, a mocidade, a terceira idade, o turismo social e o medio ambiente.

Poderanas solicitar as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, asociacións, as comunidades de bens ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda non tendo personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos. As entidades deben estar domiciliadas no municipio, carecer de ánimo de lucro e ter os gastos xustificadas. A contía máxima é de 15.900 euros.

No caso dos colectivos veciñais, o diñeiro concederáse para a execución de pequenos abastecementos

de auga potable, saneamentos, pavimentacións, rede de sumidoiros, acondicionamento de camiños rurais, arranxo e acondicionamento de capelas, acondicionamento de fontes e arranxo de locais sociais, así como pequenas infraestruturas deportivas.

Os grupos non poden ter ánimo de lucro, deben desenvolver a súa actividade e solicitar a subvención para a execución das obras no municipio de Castroverde, estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non presentar ningunha causa de prohibición de percepción de subvencións públicas. A contía máxima será de 14.600 euros. En ambos casos, as agrupacións sen personalidade xurídica deberán nomear un representante para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Os interesados poden consultar as bases na web.

Informan de métodos caseiros contra a velutina

O Concello de Castroverde informa no seu último bando dalgúns métodos caseiros para facer o trampeo contra a vespa velutina meses de marzo, abril e maio, o mellor momento de captura a vespa reina e evitar que forme niño.

O alcalde anima a veciñanza a reutilizar as trampas que repartiu o Goberno local o ano pasado ou senón facer unha nova. Para elaborala precisase unha ou dúas botellas de plástico, poñer dentro o líquido para atrapaslas que tamén se pode facer mesturando a mesma cantidade de auga que de viño e cervexa e engadirlle azucre. Ademais, no Concello dispoñen dalgún sobre de líquido que os veciños poden recoller de maneira gratuíta e que repartirán ata esgotar existencias.

O concurso de tapas da vila escolleu aos seus gañadores

A vila celebrou con éxito a segunda edición do seu concurso de tapas, que conseguiu aglutinar a un bo número de asistentes e que xa deu a coñecer ao local hostaleiro máis votado dos cinco. Gañou Taberna Senador con *Airiños do mar*, que recibiu 903 puntos. En segundo lugar, quedou Roma coa tapa *Coliseo* e en terceiro, O Camiño, que participaba con *Antoxo do mar*. O cuarto e quinto clasificados foron A Lenda con *Éche o que hai* e O Pendello de Moisés con *As boas costumes*.

Por outra banda, o resultado do sorteo ao azar entre o público tivo como primeiro premiado a Alejandro Gromaz, que leva un vale de compra por valor de 300 euros; a Natalia Graña e a Alejandro Castedo, cuns valea de 200 e 100 euros, respectivamente.

Terceira edición do RoadStr Lugo Fest

Regresa o RoadStr Lugo Fest na súa terceira edición, con máis coches, motos, música, concursos e máis diversión. A cita contará neste caso coa colaboración do Concello de Castroverde, xa que o pavillón municipal acollerá unha exposición de vehículos de alta gama, vehículos de altas prestacións *performance*, coches de rally, offroad 4x4 e motos.

O programa da cita, que terá lugar o 6 de xullo, tamén inclúe a sesión dun DJ, un gran sorteo e espazo de bar. As inscricións para poder participar no evento están abertas.

rábade



Instalan en Rábade 6 novos contedores para a recollida de aceite usado

O Concello de Rábade, coa colaboración de Gestión de Residuos, instala seis novos contedores para a recollida de aceite de cociña usado. A Asociación sen ánimo de lucro VI.NI.A colabora na súa posterior recollida para que poida ser reutilizado. Os contedores súmanse aos que xa hai no campo da feira e xunto ao colexio. É preciso depositalo en botellas de plástico pechadas.

Os puntos nos que pode depositarse son na rúa Coronel Andrade coa Estrada de Vilalba, na avenida da Coruña á altura dos desvío cara a

Friol, na avenida da Coruña fronte á librería Arbelos, ao lado da pasarela, estación do tren, nos Remedios e na estrada Bos Aires esquina coa avenida da Coruña.

O Goberno local acometeu o arranxo das deficiencias atopadas ao recibir o Parque da Praza Castelao e os seus arredores; como os acabados defectuosos, a falta de papeleiras -xa instaladas-, o consumo continuado de auga -ao que xa se lle puxo unha billa-, as árbores en mal estado, que van ser saneadas, ou as fochancas nas beirarrúas.

O GDR outorga 200.000 euros para o multiusos

O GDR Comarca de Lugo foi beneficiario dunha ampliación de fondos para poder outorgar novas axudas da convocatoria 2022/2023 dos proxectos que quedaron en lista de agarda. Un dos beneficiarios desta ampliación é o Concello de Castroverde, o cal xa tiña unha axuda concedida de 56.800,41 euros e desta forma poderá optar a completar a axuda máxima que se outorga por parte do GDR, 200.000 euros, correspondente ao acondicionamento e ampliación do centro multiusos de dito Concello.

Trátase dun proxecto non produ-

vo, xa que ten un interese público e colectivo e non supón o desenvolvemento dunha actividade económica con finalidade lucrativa. A edificación consta cun espazo principal dun gran local, de máis de 200 metros cadrados de superficie útil, que permitirá albergar numerosos actos para os que anteriormente non existía espazo adecuado no concello.

Así mesmo, acondicionáronse outros locais para asociacións, tamén unha biblioteca municipal, unha sala de lectura e diversos almacéns de apoio. Instaláronse uns aseos e un ascensor.

HOMENAXE AOS AVÓS



O Concello de Castroverde organizou a Festa Homenaxe ós nosos avós, que este ano chegaba a súa décimo cuarta edición. A cita xuntou a decenas de veciños e veciños do municipio, ofrecendo un programa a base de música, baile e gastronomía.

COLABORACIÓN

Trinta anos

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Que non son nada, pero madíalevan a ser. O domingo vinte e catro de marzo celebrouse a trixésima Feira do Queixo de Friol e Pan de Ousá. É un número considerable de edicións, que de forma ininterrompida foron tendo lugar, agás o ano da pandemia Covid, resultando un evento plenamente consolidado e que se une así a outros moitos que se desenvolven ao longo da nosa xeografía e que enxalzan produtos típicos dunha determinada zona. Previamente, desde o Concello de Friol recoñeceuse nun emotivo acto as queixas que foron pioneiras naquel ano noventa e tres, na primeira feira; mulleres que vendían os seus queixos na casa ou nalgún

mercado próximo, pero que naquela ocasión foron convencidas para que deran un paso máis e participaran no que sería o xermolo dunha feira que non parou de colleitar éxitos ano tras ano. Unha a unha foron citadas; varias delas tristemente xa faleceron e outras cunhas idades moi avanzadas e coas lóxicas dificultades de saúde. Pero algunhas desas mulleres aí estaban presentes, constatando o seu facer durante todo este tempo. No documental proxectado, observouse a evolución da festa, que sería declarada de interese turístico galego, ao longo destas tres décadas; así, desde uns humildes toldos onde as vendedoras se expoñían ás inclemencias meteorolóxicas, pasouse a unha moderna carpa que dá refuxio aos distintos postos de venda, facilitando o labor das persoas que ofrecen a súa mercancía e a do público que se achega para ver e sobre todo para mercar.

Tanto o queixo como o pan son dous produtos emblemáticos de Friol, un típico municipio do interior galego, caracterizado por unha constante mingua na súa poboación e o conseguinte avellentamento. Iso ten unhas especiais dificultades para asegurar o relevo xeracional na elaboración tanto do queixo como do pan. Aínda así, algúns exemplos convidan ao optimismo, garantindo a continuidade nos vindeiros anos. A incorporación de rapaces e rapazas moi novos, os cales, sendo poucos en número, dilapidan tal entusiasmo e ilusión que cómpre telo en conta e non deixalos esmorecer. É esta xuventude que aposta polo rural a que precisa de todo o apoio habido e por haber para que saian adiante.

As feiras como esta, na que se enxalza un determinado produto –ou máis– supoñen un pulo económico nas localidades nas que se celebra. Por unha parte, facilítase



a venda, xa que a asistencia a este tipo de actos adoita ser considerable. Por outra banda, os negocios locais, sobre todo bares e restaurantes, fan o seu particular agosito. E a publicidade cara o exterior do concello en cuestión, resulta evidente.

Pero sempre se debe ir máis aló e que non quede nun só día onde

todo é alegría. É necesario aproveitar ese bo facer de mulleres e homes, auténticos heroes da Galicia Rural, a quen non se pode deixar desamparados. Por en valor iso é a misión das distintas administracións, sobre todo a local, e da cidadanía en xeral. Aí estará a clave dun futuro onde se fuxa do fracaso.

O RECUNCHO DE CANELINA



Sopa de siglas do noso Sistema Educativo

O PUPITRE



Julio Díaz

Desde a entrada en vigor da Ley General de Educación ata a aprobación da LOMLOE cualificamos ese espazo de tempo como unha verdadeira “Sopa de Siglas”, tendo moitas dúbidas de que, lonxe de fortalecer o Sistema Educativo, imos retrocedendo na calidade do noso ensino. Unha sopa de siglas que inclúe reformas nos seguintes anos: 1970 LGE, 1980 LOECE, 1985 LODE, 1990 LOGSE, 1995 LOPEG, 2002 LOCE, 2006 LOE, 2012 a LOMCE e 2022 a LOMLOE.

Se se analizan con detemento os cambios introducidos polas distintas reformas acaecidas nas últimas décadas, trátase dunha mera rivalidade entre partidos políticos. Segundo os expertos, os continuos cambios desde a Ley General de Educación, xeran descontrol nos centros educativos, nos estudantes e nos docentes; o compromiso co ensino desvanécese pouco a pouco ante un escenario cheo de incerteza e, por suposto, na calidade da Edu-

cación, vendo como única saída a formulación dunha Lei estable que admita como cambios as actualizacións curriculares propias do avance da sociedade.

Máis da metade dos españois (un 52 %) pensa que a escola de hoxe é peor que a de antes, mentres que un 55 % opina que os estudantes saen peor preparados, segundo se desprende da I enquisa de Percepción Social da Innovación Educativa, presentada pola Fundación COTEC. Un 74 % pensa ademais que hai alumnos que non queren estar na escola e dificultan a aprendizaxe dos demais e outro 74 % opina que non hai disciplina nin respecto polo docente; segundo se desprende deste estudo realizado en colaboración coa axencia 40dB, para que o que realizaron 7000 enquisas a persoas de máis de 16 anos, entre os meses de marzo e abril de 2023.

Segundo o responsable de educación e formación da Fundación COTEC, Ainara Zubillaga, os resultados da enquisa reflicten “o sesgo do supervivente, aqueles que triunfaron no ámbito educativo e non se decatán que o resto das persoas non sempre parten da mesma casilla de saída e que antes era máis doado

atender ás necesidades que agora”. Esta percepción negativa que lanza o estudo, que mostra “certa polarización”, contradícese cos datos e as evidencias e que temos un aumento das competencias básicas da poboación, non temos tan malos resultados, tampouco moi bos, e o avance nas últimas décadas do sistema é moi significativo, segundo Ainara Zubillaga.

Os principais elementos de mellora que detecta o estudo son: unha lexislación axeitada, mellora das políticas do profesorado e, a maior distancia, mellorar as metodoloxías, tender a unha aprendizaxe máis colaborativa, mellorar a avaliación, etc.

O que máis importa na obtención de mellores resultados académicos, de acordo cos entrevistados, son “os docentes e despois a cultura do esforzo”.

Unha das lecturas que facemos é que temos que mellorar moito como contar o que facemos desde o sistema. Facer pedagogía do noso traballo, afirma Zubillaga.

“Hai moitos debates estériles e dicotómicos que non son certos. O debate público preséntase en branco e negro e no terreo educativo temos moitos grises” conclúe.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono: 661 464 323

redaccion@lugoxxa.com

DEPORTES

O Emevé seguirá en Primeira e logra unha clasificación histórica

A cidade de Lugo asegúrase a súa representación na máxima categoría do voleibol español outra tempada máis. Grazas ás xogadoras do Emevé, o equipo remata a liga Iberdrola alcanzando a súa mellor clasificación histórica, quedando sétimas e sumando 31 puntos, dos cales 15 foron colleitados fóra da casa.

O club continúa así colleitando bos resultados, xa que o equipo aportará 8 xogadores e unha reserva ás próximas convocatorias das seleccións Sub18 e Sub20.

Súmanse aos 14 loitadores e loitadoras e 2 técnicos chamados na segunda convocatoria da tempada das Seleccións Galegas de voleibol, sendo o Emevé o club máis representado.

CAMPUS. O Club Voleibol Emevé presenta o seu primeiro Campus de



Tecnificación e Perfeccionamento, que se celebrará do 7 ao 21 de xullo de 2024. Trátase dunha iniciativa dirixida aos que practican o deporte e queren seguir mellorando no mellor ambiente, nas mellores instalacións e coa axuda dos mellores profesionais.

A actividade está orientada para a rapazada nada entre o 2009 e o 2012 e realizarase en dúas quendas: do 7 ao 14 de xullo e do 14 ao

21. Existe a opción de réxime completo con aloxamento, comidas, actividades de ocio e animación ou só de adestramento.

Organizaranse 6 grupos de 13 xogadoras e a reserva da praza realizarase a través da web. As prazas asignaranse por orde de inscrición e os interesados poden solicitar máis información a través do correo clubemevelugo@gmail.com ou do número 600 406 299.

Emilio Montilla do Biosbarido, subcampión galego de 10 quilómetros

O CD Biosbarido estivo en plena competición con dúas proas de gran nivel. Por un lado, o club participou no Campionato de España de Trailrunning por seleccións que se disputou en Ojós, Murcia e tamén no Campionato Galego de 10k de Xinzo.

Na competición galega, presentáronse cunha selección de xogadores moi competitiva a pesar das inclemencias climatolóxicas. Emilio Montilla realizou unha competición moi intelixente, adaptándose á climatoloxía e aínda que ficou lonxe da súa marca na distancia conseguiu loitar polo título da categoría no sprint final, onde tan só un segundo o privaría do título galego, facéndose así coa prata na categoría M50.

Convocado pola selección galega de Trail running Federico Losada competía tanto na categoría absoluta como na subcategoría M45. Coa mesma sorte que o seu compañeiro apurou o sprint na recta de meta, quedándose a 3 segundos do podio nacional e rematando cuarto na que foi unha xornada histórica para o combinado galego.

Dentro das seguintes citas do CD Biosbarido destacan xa os dous campionatos de España de abril: o Campionato de España de Subida Vertical e o Campionato de España de Carreiras de Montaña, ambos en Ávila.



Os tres equipos de fútbol 8 do Piringalla loitarán por ser campións de Liga

O ACD Piringalla continúa colleitando bos resultados nas súas distintas categorías. Deste xeito, os equipos alevín, benxamín e prebenxamín clasificáronse para xogar polo título na segunda fase da competición. Os alevíns conseguiron tras o último encontro co Palas, o líder, e pasaron como terceiros de grupo. Despois de sumar 8 vitorias en 10 partidos, os de Rober obteñen a recompensa polo gran nivel que están a demostrar. Marco Vidal, José Gómez, Mateo González, Edgar Vázquez, Warlind, Nico Muñiz, Ander Vázquez, Xabier Alemán, David Mera e Adam forman parte do equipo.

Pola súa parte o benxamín A, adestrado por Anido, acabou a primeira

fase invicto, con 8 vitorias e 2 empates, e proclamouse campión de grupo. Thiago, Daniel, Samu, Bruno, Diego, Pelayo, Martiño, Sergio, Mateo, Izan, Alex, Adrián, Pablo e Oliver terminaron así en primeiro lugar da Primeira, demostrando un gran nivel. Agora xóganse o acceso ao Campionato Galego.

Por último, o prebenxamín acadou, tamén na primeira praza, 42 puntos en 14 encontros. Os de David Teijeiro pasaron á fase de promoción para conseguir quedar entre os dous primeiros e acceder así ao Campionato Galego. Lucas, Fabio, Iker, Pablo, Gabriel, Bosco, Saadat, Saúl, Aarón, Manuel Montoya, Manuel Mouriz, Óscar, Leo e Brais son os xogadores.



Tres membros do club de billar de Adai, finalistas no ránking galego

O club de billar Adai do Corgo segue colleitando bos resultados. Os xogadores case logran un pleno no ascenso ao podio na quinta proba do Ránking Galego Absoluto Cadro B Sede Adai. Quedaron semifinalistas Pablo Marqués, Heriberto Aybar e Antonio Vázquez que probarán sorte na última proba do cadro A da tempada 23-24.

Por outra banda, o Club de Billar Adai vai gañando terreo como re-

ferentes desta práctica deportiva. Serán os encargados de organizar a IV Copa de España Feminina días 6 e 7 de abril. Deste xeito, as instalacións do club no Corgo recibirán as mellores xogadoras de España na penúltima proba do circuito nacional, a falta só dos Campionatos de España Femininos que se levarán a cabo entre o 29 de maio e o 2 de xuño en Asturias.



Germán López e María Jesús Conde gañan os 23 km da Xacorun

A carreira do Camiño Francés que pasa polos concellos de Sarria, Paradel e remata en Portomarín deixou varias persoas clasificadas como gañadoras.

Así, das máis de 200 persoas participantes, houbo moitas na modalidades de carreira individual de 23 quilómetros e outra de 10 km e unha de remudas de 23 quilómetros. Con respecto ás individuais, no ámbito masculino, os gañadores da de 23 km foron Germán López

Vázquez, Javier Prieto Rivas e David Méndez Arias e na de 23 feminina, foron María Jesús Conde Rodríguez, Laura Méndez Bellon e Silvia Deira Barcala.

Con respecto á carreira individual de 10 km, os clasificados masculinos foron Jose Manuel Calero Fernández, Jose Antonio Fernández Rodríguez e Alejandro Viñas Romero; e na feminina, Tina Fernández Barreiros, Alexandra Méndez Pérez e Julia Castelo Llana.

Falece Jesús Tartillán, ex futbolista que xogou contra Pelé

A SD Ponferradina anunciou o falecemento aos 83 anos de idade do lucense Jesús Tartillán, xogador, adestrador e director deportivo en diferentes etapas do club que sempre estivo "ao servizo da Deportiva", segundo trasladaron no comunicado. Parte da súa carreira estivo vinculada ao conxunto de Ponferrada, localidade á que emigrou de novo. Aínda que foi unha lenda para o fútbol berciano, tamén xogou noutros equipos como a Cultural Leonesa, o Cádiz ou o Betis e noutros conxuntos internacionais como foron os Cleveland Stokers. Precisamente, cando formaba parte deste equipo, Tartillán foi quen de disputar un encontro contra Pelé.

O Dez Portas fará en abril o primeiro torneo feminino de tenis de mesa

O Club Deportivo Dez Portas TM organizará o I Torneo Feminino que se disputará o 14 de abril de 2024. A competición terá lugar no Pavillón de Tenis de Mesa de Friga a partir das 16.30 horas. Todas xogadoras femininas de calquera idade non federadas poden participar no torneo, que se disputará polo sistema mixto, cunha primeira fase por grupos e a segunda fase por cualificativos. A inscrición estará aberta ata o día do torneo ata as 16.00 horas e é gratuíta. O ganador recibirá un diploma, un polo e unha entrada dobre para o cine. Pola súa parte os finalistas recibirán un diploma e un polo e os semifinalistas, un diploma. Todos os deportistas que participen na proba recibirán un vale para poder acceder de balde ás sesións de adestramento do club ata xullo de 2024.

“A Segunda Galicia é a categoría na que os nosos xogadores deben estar”

O Casás logra o ascenso no ano no que estrea equipo, baixo a dirección de Diego Barreiro e Álex Cortón

Por Lucía Blanco

Tan só unha tempada lle bastou ao CP Casás para proclamarse de Segunda no mesmo ano da súa creación. A marea amarela leva máis de 35 anos apostando polo fútbol base e agora o seu estreado equipo sénior, baixo os mandos de Diego Barreiro e Álex Cortón, logra a seu primeiro gran éxito a base de esforzo, compromiso e bos resultados, asegura Adolfo So-moza, presidente do club.

Logran o ascenso cunha vitoria ante o Catro Roldas a tres xornadas do remate da liga regular. Que balance fan?

A verdade é que a tempada saíu redonda, os rapaces comprometéronse ao 100 %. Estamos totalmente satisfeitos, porque é moi difícil que no ano de creación dunha nova categoría se consiga un ascenso tan difícil como é este no fútbol provincial.

Era o obxectivo cando comezaron nesta categoría?

Se che digo a verdade case que si. A base do equipo era o Nausti, onde había moitos futbolistas que na tempada pasada xogaran a fase de ascenso e que tiñan algunha vinculación co Casás. O resto do equipo confeccionouse co paso dos xuvenís do noso club e algún que veu doutros equipos. O primeiro obxectivo era ver como se adaptaban á categoría, sobre todo os máis novos. Porque a Terceira é unha categoría moi difícil, pero para estes xogadores tan novos a Segunda é o sitio onde en principio deberían estar.

Resultou complicado traballar con ese cadro de xogadores que partían desde distintos clubs?

É un cadro de xogadores no que a media non supera os 22 anos e en seguida se adaptaron. Tamén hai



que dicir que moitas veces no mundo do deporte o que prima para unha unión forte son os resultados. Estes comezaron a acompañar e ao final entre os resultados positivos e o traballo bestial que facían os rapaces xuntos cos dous técnicos foi máis fácil.

A dupla formada por Diego Barreiro e Álex Cortón foi fundamental para ese salto de categoría.

Sen lugar a dúbidas. Ao traballo de Diego e de Álex hai que poñerlle un dez con matrícula de honra. Diego era o adestrador do Nausti a tempada pasada e Álex era o dos xuvenís de Casás e entre os dous fixeron un tándem extraordinario. Cada un coñecía parte do cadro de futbolistas e souberon traballar dunha maneira magnífica para os intereses do noso club.

Destacaba ademais o gran compromiso por parte dos xogadores.

Adestraban dous días á semana de dez e media a doce da noite, non faltaba case ningún día ningún. Case

che poden asegurar que en ningún adestramento baixaron das 18-20 persoas. E é complicado, porque que hoxe en día a xente se comprometa non é doado. Temos que agradecer o compromiso dos técnicos e dos xogadores e esperamos que se continúe para a vindeira tempada.

Nos encontros de Copa xa puideron verse as caras cos rivais da vindeira tempada.

A verdade é que xa xogar a primeira eliminatoria e eliminar a un equipo de categoría superior sempre dá moitísimos ánimos a todos. Volve-mos disputar o seguinte encontro cun equipo de categoría superior como foi o conxunto da Comercial. Perdemos este partido pero, aínda que a intención sempre é ir pasando roldas, non pasa absolutamente nada, porque aquí o que esperabamos é xogar, divertirnos e pasalo ben.

Pre tenden repetir o mesmo cadro para o ano?

A nosa idea é contar coa maioría de

xogadores. Os que se queiran quedar no club van a ter as portas abertas para seguir con nós a próxima tempada e tamén esperamos contar cos mesmos técnicos, aínda que de momento non falamos con eles pero farémolo en breves.

Repiten así unha tendencia que é habitual para o club con presenza en distintas disciplinas deportivas.

Temos que destacar que, por exemplo, no fútbol sala estamos en todas as ligas galegas desde alevín ata sénior e o Casás na maioría dos cadros sempre dá unha continuidade aos xogadores. Algunhas veces igual podíamos reforzarnos se algúns marchan, pero non é a política deste club. A política sempre é a continuidade. Os xogadores deste equipo de Terceira que ascende que se queiran quedar vanse poder quedar e despois buscaremos en función das prazas que teñamos sen cubrir algún reforzo ou mesmo trataremos de convencer a algún xuvenil que na pasada tempada non estivera con nós.

O Lugo Sala clasifícase para a fase de ascenso a Segunda División

O primeiro equipo do Lugo Sala segue cumprindo obxectivos e un deles chegou a falta de sete xornadas para a conclusión da liga regular, como é asegurar xa a súa presenza un ano máis na fase de ascenso á 2ª división do fútbol sala español. Conseguíuno na cancha do Alben-se, equipo que ademais marca o corte como cuarto clasificado dos equipos que conseguen o pase ás eliminatorias polo ascenso.

Foi un encontro moi bo para os lucenses, con moita orde, bo xogo e sabendo que viaxaba a unha pista sempre complicada. O Piensos Durán Albense FS aproveitou o seu bo inicio de partido e esporeado polos seus para avisar nun par de ocasións no arranque e adiantouse marcador, pero non deixaron irse os lugueses que remontaron para colocarse nos minutos finais co 2-4 co que rematou o partido.

Roque Mazoy do Shihan, recoñecido como Deportista Galego de Alto Nivel

A Escola Deportiva Shihan non para de colleitar éxitos. Despois de subir ao máis alto do podio no Campionato Galego Infantil e obter con 29 medallas, un dos seus deportistas acaba de ser distinguido a nivel autonómico. Trátase de Roque Mazoy que obtén o recoñecemento de Deportista Galego de Alto Nivel. Mazoy é o actual Subcampión de España en Kumite Junior -61 kg, ademais de contar no seu currículo con numerosas medallas nas Ligas Nacionais de karate.

No Campionato Galego Infantil de Karate a Escola proclamouse me-

llor club galego con 29 medallas. O pavillón de Calabagueiros, no Barco de Valdeorras, acolleu a pre-selección para o Campionato de España, onde os lucenses lograron 6 ouros, 9 pratas e 14 bronzes nas distintas categorías disputadas — benxamín, alevín infantil de kata e kumite—.

Deste xeito, lograron a primeira posición Iria Enríquez na categoría Infantil, Uxía Folgueira na xuvenil, Carmen Cendán na alevín -26 kg, Iria Enríquez na infantil -30 kg, Uxía Folgueira na xuvenil -52 kg e Ari Palacio na categoría cadete -61 kg.

As pratas foron para Ángela Buide na modalidade infantil, Dani Aldeanueva na infantil -30 kg, Zoe Otero na infantil -30 kg, para Lia López na infantil -40 kg, Toti Pérez na xuvenil -42 kg, Nai Pérez na xuvenil -52 kg, Nayla Pin na xuvenil +52 kg, David Enriquez na categoría cadete -52 kg e para Yoel Dong na cadete -63 kg. Pola súa parte, quedaron en terceira posición Zoe Otero, Vega Coto, Sebas Pardo, Alba Otero. David Enriquez, Lucas Aulkemeier, Ángela Buide, Xandre Novoa, Adri Liz María López, Mateo Prol, Pedro Buide e Raúl López.

O Boxing Club, campión no Open Cidade de Lugo

Celebrouse no ximnasio de boxeo do Polideportivo O Palomar o I Open de Boxeo Cidade de Lugo, no que participaron 13 clubs de toda Galicia. Na cita un total de 50 deportistas disputaron 26 combates, 15 masculinos e 11 femininos.

No campionato o Boxing Club Cidade de Lugo fíxose con 4 vitorias. Daniel Piñeiro venceu por descalificación, Adriana Uria venceu por puntos, Amin Zekhni tamén e Anxo Otero por KO técnico. Deste xeito, os lucenses fans coa Copa de Club Campión do Torneo.

Foi un evento a porta pechada organizado polo Boxing Club Cidade de Lugo e a Federación Galega de Boxeo coa colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Lugo. As categorías que competi-

ron foron infantil (11-12 anos) e cadete (13-14 anos), júnior (15-16 anos), xove (17-18 anos) e schoolboys e schoolgirls.

PADRÓN. Nunha velada de boxeo en Padrón, no Campionato Galego Neoprofesional na categoría de semifondo, Carlos Jackson enfrontouse ao vigués Borja Brao, pertencente ao club El Barrio, secundado á esquina por Pablo Izard.

Tras un primeiro e segundo asalto moi igualados, o combate decidiu-se no terceiro asalto con combinacións máis contundentes do Carlos Jackson que se termina levando a vitoria por decisión dividida dos xuíces. Carlos Jackson vence así no primeiro combate do ano e consegue a súa décimo oitava vitoria.



A Copa Deputación mantén representación nas catro categorías

A provincia de Lugo viviu unha nova sesión da Copa Deputación de Fútbol, na que foi a fase de oitavos para as categorías de Preferente e Primeira e para Segunda e Terceira. Ademais, os clubs femininos disputaron a fase de cuartos. Así, hai xa no primeiro grupo oito equipos escollidos para a seguinte fase da competición, que se disputará o 1 de maio. Con vitoria clara pasaron o Foz e o Chantada, mentres que pola mínima estarán na seguinte fase o Milagrosa, o Santaballés e o Ribadeo. Por penaltis seguirán na pelexa o Escairón e o Lemos. Quedan por tanto dous representantes da Preferente para a seguinte rolda o Lemos e o Ribadeo. Estes súmanse ao Chantada Atlético que xa se clasificara en febreiro.

No grupo de Segunda e Terceira, só quedan dous equipos de Terceira para cuartos, o Rubián e o Piringalla, que se clasificaron na rolda de penaltis. De segunda tamén pasou por penaltis o Iberia. A maior vantaxe no marcador foi para a Comercial, pero tamén gañaron con claridade o Becerreá e o Friol. Con resultados axustados lograron a clasificación o Candelaria e o Antas.

Na feminina disputouse a fase de cuartos par ter as primeiras semifinalistas. O Antas e o PM Friol B gañaron cunha abrumadora maioría mentres que o Lugo B pasou pola mínima. Queda por saber o resultado do San Lázaro-Monforte, que se disputará o día 1 de maio tamén.



O Cidade de Lugo mellora palmarés no Campionato de España de Duatlón

O Club Triatlón Cidade de Lugo Fluvial continúa colleitando bos resultados que posicionan ao club como un dos grandes nesta práctica deportiva. En La Nucia, Alacante, disputaron tres xornadas da liga Nacional de Duatlón, estando en xogo tamén os respectivos campionatos de España.

Todas as xornadas dispútanse en formato duatlón supersprint: 2k de carreira + 6k de bici + 1k de carreira. Primeiro foi o turno do Campionato de España de Duatlón de substitucións parellas, na que o equipo feminino sufriu unha aparatosa caída na última posta e finalizaron 6ª. Pola súa banda o equipo masculino

realizou unha gran actuación para conseguir proclamarse Campións de España de Duatlón SuperSprint Relevos Parellas.

No Campionato de Duatlón Supersprint, marcado polas inclemencias meteorolóxicas e a incerteza, o equipo masculino finalizou 7ª e o feminino 8ª. Finalmente, celebrouse a proba máis dura de todo a fin de semana co Campionato de España de Relevos 2x2, na que tanto os deportistas como as deportistas realizaron grandes carreiras para coroarse como Subcampións de España de Duatlón SuperSprint 2x2 e terceiras de España de Duatlón SuperSprint 2x2.

PIRAGÜISMO



O Club Fluvial logrou un resultado histórico no Campionato de España de Inverno de piragüismo, no que estaban inscritos 1.294 padexeiros. Os lucenses suben ao podio cun terceiro posto na clasificación por clubs e un segundo na categoría sénior. Outro dos deportistas do club que se subiron ao máis alto foi Nicolás Martínez, que levou o ouro na categoría júnior. O LIV Campionato de España de Inverno de 5000 metros nas categorías Júnior, Sub 23 e Sénior en barcos K1 e C1 disputouse ao mesmo tempo que o XXII Campionato de España de inverno Máster para os veteranos entre 35 e 79 anos.

Rob Gray despídese do Breogán por motivos familiares

O xogador Rob Gray abandona o Breogán despois de solicitar a baixa no club por motivos persoais. Segundo comunicaron en rolda de prensa, o delicado estado de saúde da avoa do americano, que foi quen o criou, é o motivo do cese no equipo lucense.

Deste xeito, Gray non continuará polo momento a súa traxectoria noutro equipo, xa que a súa marcha responde a problemas familiares e non por motivos deportivos. O conxunto lucense vese así na obriga de acudir ao mercado para cubrir está última baixa, aínda que só pode realizar unha incorporación máis no que queda de temporada, pois xa utilizou 19 xogadores ata a fichaxe de Gray.

Os populares denuncian a falta de instalacións deportivas en Lugo

O concelleiro popular Enrique Rozas afirma estar preocupado pola incapacidade do Goberno local para solucionar os problemas de falta de instalacións deportivas en Lugo. "Estamos ante un goberno que, si de algo pode presumir, é da total desidia que manifesta en todos os proxectos deportivos da cidade".

Rozas denuncia a oposición do Concello para subscribir o convenio da Fegamp para o uso das instalacións deportivas dos centros educativos, unha medida adoptada por outros municipios e que supón un incremento importante de dotacións. Ademais, sinala proxectos que non chegan ver a luz como o pavillón Sport Life ou as zonas deportivas de San Fiz e reformas coma os 140.000 euros investidos no Palomar, "que non habilitan as instalacións para a súa homologación". Por outra banda, destacan as "pistas en mal estado, vestiarios obsoletos ou inundacións", como as das pistas de atletismo das Pedreiras.

Neste senso, o popular considera insuficiente o diñeiro que se asigna para o deporte nos orzamentos municipais. "Neste 2024 figura unha partida de 350.000 euros que supón un 0,28% do presuposto total do Concello de Lugo que ascende a 121 millóns de euros".

DE RUTA EN RUTA

Baleira: Ruta das Loras

O percorrido na contorna do Camiño Primitivo, que homenaxea aos veciños de Librán, permite achegarse ao patrimonio local

A variedade de mostras arquitectónicas, como a igrexa de San Miguel de A Braña ou a capela de Castro, enriquecen o patrimonio artístico do municipio conformado por mostras de arte sacro, arquitectura civil e restos arqueolóxicos. Pero Baleira, que forma parte do percorrido do Camiño Primitivo, tamén ofrece unha riqueza paisaxística de gran valor natural con varias rutas de sendeirismo, bici de montaña ou escalada a través das que descubrir a contorna do concello.

A ruta das Loras é un dos itinerarios máis recentes que puxo en marcha o Concello co apoio do GDR Montes e Vales para promocionar turisticamente a zona. Trátase dun itinerario circular de 13,1 quilómetros, que se poden percorrer en pouco máis dunhas 4 horas, e que discorren na súa totalidade por camiños consolidados do municipio. O nome homenaxea aos veciños da parroquia de Librán, pola que discorre parte dos tramos incluídos no percorrido, que ían ao monte común O Carballal para abastecerse de varas de Carballo. Con elas fabricaban a lora, o lazo



que vai no centro do xugo e co que se suxeitaba polo pescozo ou pola cabeza a unha parella de animais de tiro para enganchalos ao carro ou ao arado, e que vendían nas feiras dos arredores como Meira, Castroverde, Baralla ou no San Froilán en Lugo.

Arranca na praza Campo da Feira do Cádavo para seguir o Camiño cara A Fonsagrada ata chegar ao Campo da Matanza, na parroquia de Esperela, onde se librou unha batalla en tempos de Alfonso II. Como testemuño do enfrontamento no ano 813 durante a invasión musulmá entre os mouros e o rei, consérvase un escudo na antiga Casa do concello no que aparece un cristián armado acoitelando aos soldados mouros, que se suman ás escavacións realizadas que deixaron ás descuberto armaduras, acicates e restos humanos. Ao longo da ruta, o camiñante

atopará multitude de hórreos emblemáticos o situado en Penas. Os desta zona manteñen similitudes cos asturianos, pola súa planta cadrada, por erixirse sobre postes e pola súa cuberta a catro augas de palla de centeo ou lousa. Dende o alto de Penas. Iníciase o des-

censo pola antiga Ruta da Fariña, pola que os habitantes de Penas se dirixían ao muiño no núcleo da Golpilleira para recoller fariña que transportaban nas alforxas dos seus cabalos ou burros.

Desde este lugar, contéplase unha magnífica vista do monte

de Lastra e do val Neira. O percorrido encóntrase coa ruta da Fontaneira para dar opción así aos máis adestrados no sendeirismo de sumar 27 quilómetros de itinerario por uns tramos que chegan aos 1.000 metros de altitude nalgún punto.



DATOS



4 h 20'



13,1 quilómetros



Dificultade baixa

ORTO-K

Corrección de la miopía mientras duermes



TERAPIA VISUAL

Para un mejor rendimiento y una menor fatiga visual



SENA

Mejora del procesamiento auditivo

